



Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 6 / SETEMBRO 2009

Danza
contemporánea
sen prexuízos
Os novos coreógrafos
galegos derruban mitos

DOROTEA
BÁRCENA
O regreso
aos escenarios
dunha pioneira

Ancora Produccións
Vinte anos de teatro dentro da vida

Un paseo pola *Rúa Aire* de
O Retrete de Dorian Gray

Do 19 ao 23 de outubro, 2009
Santiago de Compostela

www.feiradasartescenicass.com

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS
2009




FEIRA GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS, 2009



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia

Ábrese un novo período de programación dos circuítos de distribución de espectáculos que xestiona a AGADIC. A entidade, dirixida desde o pasado xullo por Juan Carlos Fernández Fasero, entra nunha nova etapa que, como tal, vén acompañada de ideas, iniciativas e proxectos renovados para a difusión da cultura de Galicia. Este contexto de múltiples remudas non implica, non obstante, a parada ou ralentización da actividade, senón todo o contrario. En paralelo á plasmación e desenvolvemento das novas propostas que se irán materializando nos próximos meses, as principais redes galegas de exhibición escénica continúan a súa andaina cara á fin do ano. Así, presentamos este segundo calendario de programación anual, o que vai de setembro a decembro de 2009, e que, unha vez máis, vén acompañado do seu principal soporte promocional, a revista *PARAÍSO*, que se volve atopar cos espectadores galegos na súa sexta entrega.

Neste número, *PARAÍSO* bríndalle unha atención especial á danza, con dúas informacións sobre esta disciplina: unha panorámica sobre a situación actual e algúns dos nomes que se identifican como valores emerxentes; e outra, máis concreta, centrada na recente estrea da primeira peza que asina e interpreta o bailarín e coreógrafo Quique Peón. A nosa portada vai dedicada a Dorotea Bárcena, actriz de distintos ámbitos, coñecida e recoñecida, recuperada para as táboas e escollida por ese motivo para as nosas páxinas. Ancora Produccións asoma tamén, por sobrados méritos propios, nun sumario que completan outros contidos, como o novo Pazo da Cultura de Narón no apartado de espazos escénicos ou o espectáculo *Rúa Aire*, interesante proposta para público familiar do dúo de creadores que integran O Retrete de Dorian Gray.

O resultado acadado está servido e agardamos que sexa disfrutado, tanto a través de *PARAÍSO* como nas 419 funcións de 102 espectáculos e 88 compañías que nos esperan ata finais de ano.



**Danza contemporánea
sen prexuízos 4-9**



A equipaxe de Quique Peón 10-13



**Entrevista A volta de
Dorotea Bárcena 14-18**

**Comentario Ana Romaní
O espello que nos mira 19**

Programación setembro-decembro 09 23-30



**Vinte anos
de Ancora Produccións 32-37**

**O Retrete de Dorian Gray
Emocións nun sopro 38-41**



**Comentario Cristina Mouriño
O espectáculo da vida 43**



**As artes escénicas fanse
grandes en Narón 44-47**

Breves / Dende o paraíso 48-49

PARAÍSO é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo.
PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña.
DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.

COORDINACIÓN: Área de Comunicación da AGADIC.

TEXTOS: Moisés Álvarez Jorge, Esmeralda López Castro, Ana Miragaya, Ana Rosales.

COLABORAN NESTE NÚMERO: Ana Romaní, Cristina Mouriño.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.

FOTOGRAFÍAS: Ovidio Aldegunde, Víctor R. Jove, José Luis Novo (*Rúa Aire*), Raquel Castro (David Loira), Hugo Santos (Borja Fernández), Jesús Vallinas (Janet Novás), Candice Milon (Mercé de Rande), Jorge Valenciano (Anuska Alonso), cesións de compañías e arquivo da AGADIC.

DIRECCIÓN DE ARTE, DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra

Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares

I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007



AGADIC Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info

AS MUDANZAS SON EVIDENTES. HAI UNHA DÉCADA AS INICIATIVAS ERAN ILLADAS E REQUIRÍAN UN ESFORZO PERSISTENTE. PERO O TRABALLO NON FOI EN VAN. AQUEL SACRIFICIO ABRIU O CAMIÑO E CANDO HOXE LEVANTAMOS O TESTO DA DANZA CONTEMPORÁNEA ATOPAMOS A FERVER MÚLTIPLES INICIATIVAS CON GANAS DE DERRUBAR BARREIRAS. *PARAÍSO* FALOU CON OITO CREADORES NOVOS, QUE ENTENDEN A DANZA COMO UNHA LINGUAXE DE COMUNICACIÓN ABSORBENTE, QUE O ANEGA TODO E TAMÉN O DRENA; UNHA DISCIPLINA NOS LINDES, EN CONTACTO CONSTANTE COAS DE MAIS ARTES ESCÉNICAS, QUE REQUIRE UN PROCESO CREATIVO LONGO, DE PESCUDA, NO QUE OS CAMBIOS DE RUMBO SON UN ESTÍMULO MÁIS. FIXERON BALANCE DO CONTEXTO E TODOS COINCIDEN EN QUE ALGO AGROMOU E QUE AGORA O PRIORITARIO É MANTELO PARA, DESEGUIDO, EXPANDILO.

DANZA

CONTEMPORÁNEA

SEN PREXUIZOS

Que é o que bole debaixo do testo da danza contemporánea en Galicia? Compañías como Entremans, Pisando Ovos, D2, Disque Danza, Nova Galega de Danza, Experimentadanza, Bstudiodanza, Druída Danza... Gurgullan tamén os nomes de Branca Novoneyra, Quique Peón, Javier Martín, Carlota Pérez, Jesús Quiroga, Olga Cameselle, Alexis Fernández, Vicente Colomer, Jaime Pablo Díaz, Maruxa Salas... e, por suposto, os daqueles aos que *Paraíso* lles tomou o pulso desta volta: Rut Balbís, Uxía P. Vaello, Mercé de Rande, Janet Novás, David Loira, Anuska Alonso, Estela Lloves

As disciplinas xa non se estudan como compartimentos estancos e isto trasládase á creación. Prima o diálogo, a experimentación, a innovación e a hibridación

e Borja Fernández. Debúxase un contexto no que os máis novos traballan á par dos que levan anos tirando pola escena galega, para sacarlle todo o zume á danza cociñada a lume lento, como os mellores pratos.

As xeracións mozas sempre achegan frescura e ganas de traspasar os límites. Isto súmase aos novos modelos de formación, onde a prioridade xa non é a academia. “Eu apoio a escola, pero abríronse camiños alternativos, que están achegando a danza á xente”, sinala Janet Novás. As disciplinas xa non se estudan como compartimentos estancos e

isto trasládase á creación. Prima o diálogo, a experimentación, a innovación e a hibridación. Deste xeito, a danza ligou con outras manifestacións artísticas e con outras artes escénicas, como o teatro físico, o novo circo e o clown.

Danza nos límites

Os bailaríns e coreógrafos consultados coinciden en que o traballo técnico é necesario, pero a danza non se define dun só xeito e cada creador procura o seu corpus de tra-

ZA

ballo en fontes diferentes para construír un discurso persoal. Así o expresa Rut Balbís: “É importante que deixemos fluír o intercambio entre artistas, sen necesidade de categorizar”. E importante é tamén, segundo esta coreógrafa, non perder a perspectiva do que se está facendo: “Manter a pescuda no movemento, que é a nosa fonte de expresión e a nosa forma de falar”.

As tendencias na danza contemporánea son diversas e suxestivas ata a ambigüidade, desde o movemento máis abstracto e físico, ata a danza-teatro e mesmo a non-danza,

As tendencias na danza contemporánea son diversas e suxestivas ata a ambigüidade, desde o movemento máis abstracto e físico, ata a danza-teatro e mesmo a non-danza

espectáculos nos que apenas se baila, pero que están concibidos desde a danza. “Iso é o que me interesa, eses intersticios transfronteirizos, nos que podes estirar a danza ata o límite”, sinala Mercé de Rande.

Esta nova xeración traballa sen prexuizos. “Hai que arriscar, hai moito medo e vergoña, pero hai que explotar, aínda que sexa equivocándose”, cre Janet Novás. O método é o *work in progress*, o guión aberto nun proceso de investigación longo e de enriquecemento continuo. En favor da creatividade e para combater o mercantilismo que

tamén afecta á produción artística, Mercé de Rande propón recuperar o traballo de taller, sen o obxectivo de acadar unha produción final.

O CCG, cerne da continuidade

No tocante á xestación dun espazo para a danza en Galicia hai unha visión xeneralizada de que o motor está activo. O pulo máis recente foi a creación do Centro Coreográfico Galego (CCG), “sen esquecer o traballo que había anos estaba realizando moita

xente”, como salienta Janet Novás, e que facía do CCG algo xa “absolutamente necesario”, como indica Mercé de Rande.

Todos valoran o labor do CCG como centro de formación, produción, proxección e contacto co que pasa fóra. Para Estela Lloves, “chegou cun proxecto moi claro, que por un lado intenta establecer públicos coa súa produción anual e, por outro, incentiva os proxectos de moita xente”. Para a maioría, marcou un antes e un despois na visibilización da danza contemporánea e constitúe o punto de partida imprescindible para a continuidade.

Non todo pasa pola esfera pública e os creadores son conscientes da necesidade de xerar os seus propios organismos. Por iso o Centro Coreográfico Galego foi tamén a “a isca para a creación dunha asociación, Danesga, da que xa facemos parte máis de vinte profesionais”, pon de relevo Estela Lloves. “É preciso asociarse, ter un reforzo colectivo á marxe do traballo individual; a activación de asociacións como Danesga é a canle máis directa para chegar ás institucións”, anota Borja Fernández. Nisto Uxía P. Vaello vai un chisco máis alá e sinala as vantaxes de entrar en contacto con outros núcleos das artes escénicas. Fala dalgúns encontros interesantes que se están empezando a orixinar, por exemplo, co novo circo, para ela “un dos sectores máis abertos, activos e organizados”.

Propostas de descentralización

Desde o asociacionismo resultará máis fácil puxar pola consolidación dunha infraestrutura pesada cun despregamento por todo o territorio galego. Esa é unha das fronteiras de Danesga, segundo explica Estela Lloves, que fala da necesidade dunha descentralización, con pequenas bases do CCG expandidas no resto das cidades. Propón tamén gañar espazos públicos en desuso, baleiros ou abandonados como lugares de creación artística. Cita como exemplo as posibilidades que poden supoñer espazos como A Panificadora, en Vigo, imaxinando “as innumerables sinerxías entre artistas diversos que se poden xerar en semellante *atelier*”.

Neste camiño, Anuska Alonso abre outra alternativa: que se facilite o uso dos espazos que xa existen para as artes escénicas nos horarios que non teñen programación, que se “cedan os teatros para a creación no tempo en que non teñen función”.

Nos circuitos de exhibición parece que se instalan rutinas e que é difícil levar a danza alén dos espazos onde é habitual, polo que cumpriría tamén aplicar unha descentralización. A predisposición parece estar nas salas alternativas, como indica Borja Fernández, que cita a Nasa (Santiago) e o Teatro Ensalle (Vigo) como as que primeiro apoian as novas linguaxes.

**Os programadores
teñen unha grande
responsabilidade sobre
as súas costas, pois da
súa escolla depende tamén
a creación de
públicos e gustos**

A ruptura do núcleo A Coruña-Santiago-Vigo é así mesmo unha prioridade para Rut Balbís: “Non só queremos estar nas cidades, senón chegar tamén a todas as vilas”. Pídelle aos programadores que se renoven, pois son os creadores actuais “os que teñen algo que dicir”. Ademais manifesta que, por experiencia, o público nas vilas é receptivo coa danza contemporánea.

Faltaría aínda unha terceira vía de despregamento, a que sinala Mercé de Rande: “Non é moi realista que a formación estea localizada nun punto de Galicia, refírome á Coruña e Santiago. Deberían facerse ciclos itinerantes e pensar ben os horarios de cara á compatibilidade”. Un exemplo pode ser a Escola de Danza Contemporánea de Narón, á fronte da que estarán Cristina Montero e Rut Balbís e que inaugura curso en outubro.

Os programadores teñen unha grande responsabilidade sobre as súas costas, pois da súa escolla depende tamén a creación de

públicos e gustos e aquí os creadores atopan algunha eiva. Janet Novás cre que “todo se pecha en torno a un mesmo círculo” e que non hai un “interese pola variedade”.

Pola súa parte, Uxía P. Vaello bota en falta as grandes compañías que fan parte da historia da danza. Consciente do custo e do esforzo que supón a súa inclusión nas programacións, pensa que paga a pena, pois ver os grandes polo menos unha vez é necesario para o coñecemento do medio e o asentamento dos gustos. David Loira cre que programando “máis e máis diferente se pode adaptar o público á oferta dos creadores e conseguir que teñan un criterio maior”.

Outra boa opción son os festivais internacionais. Mercé de Rande destaca como pioneiros o Alternativa da Sala Nasa e o Alt de Vigo, “que se preocuparon por darlles un espazo aos creadores galegos e trouxeron propostas de fóra invisibles no país pero transgresoras no eido da creación mundial”.



UXÍA P. VAELO

Na Escola Superior de Danza de Lisboa, Uxía P. Vaello coñeceu as persoas que máis influíron nela. Alí especializouse en Composición, faceta que alentou a súa busca persoal. Completou a súa formación con profesionais como Rui Horta, Elena Córdoba, Andrés Corchero, Anabelle Bonnery ou Margarida Bettencourt.

Afirma que os seus espectáculos tenden, sen querelo, cara á danza-teatro. Sempre acaban saíndo “a emoción e a palabra”, pois interésalle “o corpo no social, como primeiro medio de comunicación directa”. O seu obxectivo é “estar sempre á procura e evitar as fórmulas”.

Traballou en compañías como A Mercé das Cirkunstanzias, Martha Cardozo e Pistacatro. En 2007 realizou o só *Arder nun hotel* e en 2008 estreou *Play*, xunto a Borja Fernández. Agora traballa coa

compañía andaluza Bikini.ducc no espectáculo *Assemblage*, que integra artistas de distintas disciplinas arredor dos conceptos de imaxe, imaxinación e palabra. Estréase en setembro, logo de residencias en Lisboa, Sevilla, Guimarães e Santiago.

JANET NOVÁS

Unha das cousas máis enriquecedoras para Janet Novás é viaxar. Falamos con ela á súa chegada dunha audición en Bruxelas e antes de marchar ao Festival de Jóvenes Coreógrafos de Venezuela. Tras traballar en febreiro coa compañía Retazos, o Instituto Superior de Arte Cubano propúxolle impartir un obradoiro o vindeiro ano.

Desenvolveu a súa formación na Escola de Carmen Senra e no Conservatorio Profesional de Danza. Logo de catro anos na compañía Provisional Danza de Car-

Cómpre citar tamén un dos de máis recente creación, o Empape, que este ano celebra a súa segunda edición e que integrou á Coruña na rede internacional Cidades Que Danzan. O máis positivo para a danza neste terreo é, para Borja Fernández, “que se está levando moito á rúa, que é o mellor captador de público posible, onde a xente sempre está receptiva”.

Aquí moitos lamentan a desaparición de En Pé de Pedra. “Tiña un público fiel e achegáballe moito a unha cidade como Compostela; é como tirar unha catedral e esperar que se constrúa outra, supón un retroceso e significa menos programación”, sinala Uxía P. Vaello. A este respecto, Borja Fernández apunta que “unhas cousas acaban, outras comezan e outras transfórmanse. O importante é seguir cara adiante”.



men Werner abriu unha nova etapa, na que combina a elaboración de proxectos persoais co traballo con Daniel Abreu. Na escolla de experiencias sinala o dúo *Se va el aire*, con Igor Calonga, e o só *Marieta*, “unha explosión do corpo e de liberdade”.

No proceso creativo Janet Novás valora “a sinceridade, non a dramaturxia, nin ser orixinal, senón ser fiel a un mesmo”. Parte dunha idea que tenta levar ao límite ata que quede a esencia. “A partir de aí xogo coa alteración e a deformación da realidade e tamén, de xeito inconsciente, co tempo”.

DAVID LOIRA

David Loira lembra con bo humor os seus comezos atopados na danza. Despois de moito esforzo no eido da ximnasia artística, decidiu matricularse no One Year Certificate londiniense en danza con-

temporánea. Chegou a Londres lesionado, polo que realizou o curso como oínte. Aprendeu así a observar e tamén a loitar na adversidade.

Seguiu formándose e traballou en varias compañías ata a fundación de Pisando Ovos en 2005. Agora imparte clases nas universidades da Coruña e Vigo e na Escola Espacio Aberto. A docencia mesmo o levou á Universidade de Ugon (Ghana) para impartir un seminario de movemento. Afronta ademais unha etapa frutífera para a investigación coa formación da súa propia compañía.

O curso que acaba de realizar en Barcelona con Roberto Fratini, titulado *Danza, dramaturxia e floricultura*, deulle as claves para a súa nova peza: *Macho*. Nela relaciona a identidade sexual cunha temática floral, a través da idea dun corpo masculino en coma e todo o que sucede ao seu redor.


RUT BALBÍS

A súa evolución como bailarina e coreógrafa sitúase entre os que ela considera os seus dous cumios persoais. *N8 OHX*, co que en 2005 inaugurou Pisando Ovos a carón de David Loira, “supuxo descubrir a danza como vida”. *Menos 1*, estreado en 2008, é o seu primeiro só e marca a súa nova andaina en solitario á fronte da compañía.

Licenciada en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, topou coa danza por casualidade, logo dunha etapa de moito sacrificio como ximnasta. Formouse na Es-

cola de Danza Contemporánea de Londres e despois con creadores como Andrés Corchero, Hisako Horikawa, Daniel Abreu ou Damián Muñoz, aos que reconece unha forte influencia sobre o seu traballo.

Agora enfróntase a outro reto, experimentar co movemento do corpo feminino nun trío en que comparte escena con Janet Novás e Andrea Quintana. *Tres parte* “do encontro de tres amigas, a partir do que irán xurdindo parcelas de historias individuais”. Estréase o 31 de outubro en Naron logo de pasar setembro en residencia no Centro Coreográfico Galego.





AL SUR DEL SUR

Marco González Tango Argentino

Autor: Marco González / Dirección: Marco González
Elenco: Marco González, Valeria González, Leonardo Mosquera e Carina Lucca (bailaríns), Alejandro Szabo (bandoneón), Vera Pavlova (piano), Marcelo González (violín) e Enrique Migliarin (voz) / Xénero: Danza/Outras

Al sur del sur é un espectáculo de tango e folclore arxentino onde a música, as letras e o vestuario percorren a xeografía do país suramericano. Parte importante dese folclore ocúpaa o tango, retrato de Bos Aires e da súa xente. O tango é algo máis que unha suave ondulación posta en música, é a danza máis profunda do mundo; seguramente por iso gañou un espazo no exterior.

+ info. en: www.marcogonzaleztangargentino.com



CONCERTO DESCONCERTO

Entremáns

Dirección: Alexis Fernández / Elenco: Alexis Fernández, Kirenia Martínez, Armando Martín e Caterina Varela
Xénero: Danza/Contemporánea

Poñerlle son ao movemento, deixar escoitar a danza, descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete. Nesta peza o público pode verse implicado, tomando certo protagonismo na representación e transformando toda a sala nun espazo en común. O Centro Coreográfico Galego coproduce este espectáculo con Entremáns, que contou ademais co apoio de Mercedes Peón na creación do espazo sonoro.

+ info. en: www.ciaentremans.blogspot.com



EL PATITO FEO

Ballet Carmen Roche

Autores: Víctor Ullate Roche e Blas Moya
Dirección: Carmen Roche / Elenco: Ana Ponce, Ron Peri, Federico Plee, Rosina Gil, Gwenaelle Poline, Edgar Chan, Iván Truhín, Amaya Galeote e Reyes Ortega. Colaboracións de Lorena Gallego, Hugo Rosales, Enrique Guijarro e Alejandro Gutiérrez / Xénero: Danza/Neoclásica

Dirixida principalmente a un público familiar e infantil, *El patito feo* trata valores universais como a amizade ou o amor, cun enfoque máxico. A coreografía, a cargo de Tony Fabre, presenta unha fusión de estilos, desde o clásico e neoclásico, pasando polo contemporáneo, *hip hop* e *breakdance*, para o que conta con bailaríns de primeiro nivel en cada un deles, incluíndo a colaboración dos mellores bailaríns participantes no programa televisivo *Fama, a bailar*.

+info. en: www.carmenroche.net



MERCÉ DE RANDE

Defende a relación constante coas demais artes escénicas, quizais pola súa formación poliédrica, ligada nos comezos ao Teatro La Danza de Madrid. Na escola Dimitri descubriu que tiña un *clown* co que aplicar o humor á danza. Completou a súa formación en Lisboa, Toulouse e Montpellier e foi asistente coreográfica da formación suíza Sans Filtre. Na actualidade compaxina os seus proxectos persoais co traballo na compañía francesa Didascalie. net, especializada en aplicar as novas tecnoloxías á escena.

En 2007 botou a andar a súa propia compañía, A Mercé das CirKunsTanzias, e produciu *Proxecto Zocas*, unha exploración sonora a través das zocas coa que se mergullou na etnografía galega e que agora pensa reformular pasandoa pola peneira dixital. Logo veu *Fiando o kaos*, unha tentativa de situar a identidade galega no caos mundial. Non satisfeita co resultado,

desenvolveu unha residencia no Teatro Ensalle para “refiar” a proposta. Este verán estreou no Verbum *A palabra motora*, unha *performance* con Pepa Yáñez.

ESTELA LLOVES

Acaba de aterrar en Berlín para reflexionar e empaparse da hiperactividade da cidade. Lembra como con 23 anos deixou a universidade pola danza e comezou a facer miles de cursos porque cría que xa era maior, marchando incluso ao Xapón para estudar *butoh* con Mintanaka e Hisako Horikawa.

Despois do frenesí de colaboracións en laboratorios múltiples, entrou no rexistro da palabra e comezou a escribir textos para as súas propias pezas. Xorden así *Rastro*, *Bom día mainó* e *Alicia na Grusia*. Estela Lloves tenta “resituat a danza nun contexto mixto, coa fala e a escrita, a acción e a *performance*”. Trátase de

pensala máis que de facela, tomala máis como concepto que como obxecto. “O que me interesa é o corpo fóra dos modelos da sociedade, que ten que ver cun gusto mínimo pola danza-músculo”; pegada das buscas iniciais “na maneira impresionante en que Kazuo Ohno mexe o seu corpo vello”.

Acaba de iniciar un proxecto sobre o presente continuo, *Frol de óso*, coa colaboración de Ixiar Rozas, Geni Iglesias, Ana Buitrago e Mónica Valenciano.



ANUSKA ALONSO

Pódese chegar á danza contemporánea por moitas vías. Anuska Alonso fíxoo a través da formación clásica e dunha cidade. Madrid segue a ser o seu punto de referencia como intérprete da compañía de Daniel Abreu, logo de ter pasado por outras como Losdedade e 10&10.

A montaxe *Ojos de pez* marcouna pola “intensidade de participar por primeira vez nun proceso creativo, o que mesmo mudou os meus gustos como espectadora”. Logo viñeron *Por el camino verde*, *En la espalda*, *Negro* e *Invierno*. O seu último traballo é *White*, un dúo con Abreu a partir da observación do xesto. Do traballo con este coreógrafo destaca a carga física e o pouso na execución.

Como creadora presentou *Un minuto de tierra trágame*, *Por un lado bien y por otro mejor*, *5'00 a.m.* e *A 2 centímetros del suelo*. Lembra con entusiasmo as im-

provisacións con Sulxeitos e os poetas Yolanda Castaño e Antón Sobral, por como na comunicación cos músicos conseguía provocar cambios de tempo, e pola evolución dese diálogo a base de repetilo. Están xa en contacto para fixar novos encontros.

BORJA FERNÁNDEZ

Cofundador da compañía Pistacatro, integrante do grupo de música experimental Es un Árbol e colaborador habitual en propostas musicais e teatrais, Borja Fernández defínese como intérprete e músico. “Eu non son bailarín, senón un actor que usa o movemento”, afirma. Non ten formación específica en danza, pero considera que o seu traballo no novo circo, especializado en verticais, lle deu unhas capacidades físicas para expresarse co corpo.

Traballou con Mercé de Rande, formou parte de *Illa Reunión* e fixo unha peza curta con Marta Pazos para o Teatro Galán dirixida por Ana Vallés, pero o seu traballo máis específico en danza contemporánea foi *Play*, con Uxía P. Vaello. En agosto comezou unha residencia no CCG para desenvolver *Rewind*, a segunda parte dese proxecto conxunto, que afrontará só sobre o escenario. Ten como tema central “o pasado como fantasía do presente, esa visión do neno que fai que todo pareza máxico, pero logo a realidade é completamente distinta”. No proceso intervén tamén o artista plástico Ricardo Ramírez.



LAS VERDADES DUELEN

D2

Autores: Manu Lago, Teresa de la Hera, Diego Freire, Cristina Balboa e Fran Riveiro / Dirección: Manu Lago e Teresa de la Hera / Elenco: Fran Riveiro, Manu Lago, Diego Freire e Cristina Balboa / Xénero: Danza/Contemporánea

Backstage dunha pasarela de moda, a cociña dun espazo onde o corpo é o centro de atención e a percepción sobre a perfección parece converterse en única e inamovible. Coincide esa verdade coa verdade particular de cada un dos protagonistas? + info. en: www.ciadz.com



MOMENTARI

Nats Nus Dansa

Autora: Claudia Moreso / Dirección: Claudia Moreso e Toni Mira / Elenco: Gema Díaz, Emili Gutiérrez, Joan Palau e Noemí Ventura / Xénero: Danza/Contemporánea

Tari é un estraño personaxe: un coleccionista que nos amosará a súa especial colección, que foi creando ao longo dos anos, dedicando moito tempo a observar, sentir e descubrir onde se escondía a verdadeira felicidade...

+info. en: www.natsnus.com



MUJERES DE SHAKESPEARE

Tránsit Dansa de María Rovira

Dirección: María Rovira / Elenco: Marta Fernández, Isabel Tapias, María Garriga e Sol Vázquez (bailarinas), Joan A. Pich (chelo) e Mari Reche (caixón) / Xénero: Danza/Contemporánea

A partir da inmensa galería de personaxes femininos que desfilan polas obras de Shakespeare, créase unha proposta intimista baseada no xesto, na actitude e no movemento para mostrar unha visión destas mulleres que seducen, aman, subxugan, odian e escollen activamente. O espectáculo estrutúrase en catro partes que forman un todo, onde cada bailarina é unha muller das obras de Shakespeare e preséntase en forma de só: Rosalinda exprésase co canto, Isabella coa voz en *off*, Catalina cun monólogo e Miranda coa proxección dun vídeo-montaxe.

+ info. en: www.transitdansa.com



Que cabe nunha maleta?
Obxectos, recordos, xeitos, imaxes...
O propio ser de cadaquén poderíase construír a partir dese tesouro composto por cousas esenciais que acumulamos na vida e que viaxa canda nós, que nos acompaña e á vez nos determina. A maleta de Quique Peón —a que camiña á súa beira e sobe con el ao escenario no prefacio de Oyay— evoca todo o anterior, garda a sabedoría e a experiencia do pasado pero ábrese ás oportunidades que brinda o futuro. Desde dentro dela, un teléfono emite chamadas perdidas; son os novos retos que claman por este coruñés curtido na música e na danza tradicionais. El déixase levar e crece así a súa equipaxe, a súa alma e, en definitiva, as súas credenciais como creador e artista.



A EQUIPAXE

DE QUIQUE PEÓN



“Con 47 anos enriba, só podo ser moi valente ou estar louco”. Con estas palabras, Peón confesábase diante dos xornalistas na rolda de prensa de presentación do seu espectáculo *Ovay*, unha singular proposta de danza que comparecía co aval da súa propia traxectoria e coa titoría do Centro Coreográfico Galego en réxime de coprodución. Tres días despois, os longos aplausos e a pechada ovación que recibiu ao remate da estrea, realizada a principios de xuño no Salón Teatro de Santiago, foron o premio á súa valentía, á súa loucura e ao resultado conseguido a partir dun proxecto escénico diferente, co que proba a simbiose, libre de prexuízos, que se pode establecer entre os modos do baile popular galego e algunhas das manifestacións máis audaces da danza actual.

Henrique Peón baila, canta, recita, interpreta... faino sen paraxe e con toda a en-

trega durante 50 intensos minutos sobre o escenario. A montaxe preséntase sobre o papel como un só de danza tradicional, mais, en xustiza, non podemos reducir a súa definición a tal simplismo: a música en directo interpretada por Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde resulta ser o elemento multiplicador perfecto para transformar a execución en solitario do polifacético bailarín nun espectáculo completísimo, onde o son dos instrumentos controlados polo tándem Vaamonde & Romero se funde co baile, coa escenografía, coa iluminación e coa alma mesma do que se quere transmitir en *Ovay*.

Os catro puntos cardinais

O título *Ovay* alude a unha antiga voz dos canteiros para exemplificar as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos

Henrique Peón baila, canta, recita, interpreta... faino sen paraxe e con toda a entrega durante 50 intensos minutos sobre o escenario

cardinais da existencia e os catro elementos da nosa alma. Todas estas ideas por separado son, para o creador, conceptos universais e atemporais encrucillados, diante dos que nos movemos a cegas sen comprender o verdadeiro sentido do noso ser, xa que este está na fusión de todos eles. Así, *Ovay* é, dalgunha maneira, a viaxe interior de Quique Peón como bailarín a través dos distintos estadios da súa evolución persoal. E vai máis alá, porque cadaquén pode atoparse nesas catro etapas de calquera camiño.

“*Ovay* é a liberdade sen lastres, o movemento renovado, a expresión dunha inxuedanza sobre a propia esencia que xurdiu durante unha madurez vital e artística, coas preguntas e respostas do que foi, do que é e do que está por ser. (...) É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada,

de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino”, reza o texto difundido como explicación da peza.

Así, no espectáculo atopamos un leste, evocado pola auga, o nacemento, a inocencia, o xogo, a capacidade de rirse dun mesmo... comunicado en movementos tradicionais de muiñeiras e músicas de lugares desa latitude. O sur aparece no lume, no feminino, na beleza... e escenifícase a través de xotas e ribeirás; o norte é a terra, o masculino, a loita, a forza, a rebeldía... que entroncan con pasodobres e pandeiretadas. Queda o oeste, que nos trae o vento, e con el a lembranza, a madurez e a melancolía tamén a través de movementos de xotas máis historiadas e músicas tradicionais como o *Canto de Bemibre* ou o *Vento de Fisterra*.

Con tales referencias para a interpretación e para a música, fornecida esta última coa personalidade do amplo abano da percusión tradicional, plásmase esta *opera prima* de Quique Peón, que conta ademais con colaboracións artísticas destacadas, como foron a participación de Erick Jiménez na coreografía, de Roberto Magro na dramaturxia, de Baltasar Patiño no deseño de iluminación ou de Clotilde Vaello no de vestuario. Todos eles foron quen de asinar un traballo que os espectadores poderán valorar nas súas próximas representacións na Coruña (Teatro Rosalía Castro, 9 e 10 de outubro) e en Ferrol (Teatro Jofre, 18 de outubro). Tamén en Huesca, Manresa, Bruxelas... e de seguro que en moitos outros escenarios da vindeira temporada da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas.



NEXUS6

Branca Novoneyra

Autora: Branca Novoneyra / Dirección: Branca Novoneyra
Elenco: Branca Novoneyra, Iria Pinheiro, Isaac Garabatos, Jesús Andrés / Xénero: Danza/Contemporánea

Dúas *replicantes* da órbita de *Blade Runner* bailan, cantan e contan sobre o desexo como desobediencia, perigo, castigo ou desaparición; tamén como transformación, como manifestación da liberdade de acción non controlada polo sistema. Dúas visións críticas sobre o asfixiante control social no marco globalizado, sobre a imposibilidade de desexar fóra do permitido, do que non é subversivo. *Nexus6* preséntase en tres partes sucesivas: *Pris* (traballo de composición coreográfica baseada na mestura de códigos de danza contemporánea), *Viaxe* (instalación audiovisual sobre música en directo) e *Rachel* (peza apoiada na linguaxe do cabaré e da danza-teatro).

+ info. en: www.brancanovoneyra.com



OVAY

Quique Peón Cía

Autor: Henrique Peón Mosteiro / Dirección: Henrique Peón Mosteiro / Elenco: Quique Peón e os músicos Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde / Xénero: Danza/Outras

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos universais e atemporais encrucillados, ante os que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser. *Ovay* dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino. *Ovay* é Quique Peón.



OVER THE RAINBOW

DLoira

Autor: David Loira / Dirección: David Loira / Elenco: David Loira / Xénero: Danza/Contemporánea

Sen permiso.

Gústame máis aquí arriba, camiñando sobre o arco da vella.

Un traballo persoal e íntimo.

Dedicado á memoria do meu avó Guillermo, que coñezo máis do que eu pensaba. Grazas por existir. Aviso importante: non salvo a ninguén!

A VOLTA DE DOROTEA BÁRCENA

Dorotea Bárcena volve aos escenarios logo dunha temporada en que a puidemos ver con máis frecuencia na televisión. Que sensacións lle provocou o reencontro co teatro?

Foi moi agradable, aínda que con moitos nervios ao principio. Eu realmente son un animal de teatro e estar tantos anos afastada do escenario foi para min por unha parte doce e por outra moi duro. Sempre estou volvendo ao teatro. Teño períodos longos de ausencia por diferentes motivos, pero logo sempre volvo.

E agora supoño que ten ganas de continuar. Está traballando nalgún novo proxecto?

Ao mesmo tempo que *Kvetch* con Teatro do Morcego, estou facendo un divertimento absoluto con *Isi*, un espectáculo para o noso público televisivo. E coido que no futuro alguén me chamará para seguir facendo cousas. Eu estou dispoñible.

“O DE HOXE É O MOMENTO MÁIS IMPORTANTE DA MIÑA CARREIRA PORQUE TEÑO ESPERANZA NO FUTURO E PENSO QUE AÍNDA PODO FACER GRANDES COUSAS”

Cre que a popularidade televisiva pode empurrar públicos diferentes a achegarse aos teatros?

En principio si, pero pode resultar perigoso. Hai un público que pensa que es o propio personaxe da televisión, que Dorotea Bárcena non existe, que existe o personaxe que fai Dorotea Bárcena. E esas persoas poden ir ao teatro e sentirse absolutamente defraudadas. Pero, por outra banda, penso que un cartel con xente coñecida atrae máis público.

REGRESA AO SEU MEDIO NATURAL, O TEATRO, E FAINO CON VONTADE DE QUEDAR E ABRIR NOVAS ETAPAS. PASARON XA CASE CATRO DÉCADAS DESDE QUE EN 1970 DOROTEA BÁRCENA PARTICIPARA NA FUNDACIÓN EN VIGO DO GRUPO ESPERPENTO. NESTE TEMPO PROTAGONIZOU ALGÚNS DOS MOMENTOS CLAVES DA HISTORIA DO TEATRO GALEGO, PERO ESTÁ CONVENCIDA DE QUE O ACTUAL SEMPRE É O MÁIS IMPORTANTE E QUE O MELLOR AÍNDA ESTÁ POR VIR. Á ACTRIZ, DRAMATURGA E DIRECTORA NADA EN OVIEU EN 1944 DECLÁRASE DISPOÑIBLE, RECLAMA O SEU PAPEL E APOSTA POR UN TEATRO CUN PUNTO DE VISTA FEMININO E QUE PENSE NO PÚBLICO.

**“HAI QUE ESCRIBIR
PAPEIS PARA MULLERES
DE TODAS AS IDADES
E CON TODOS
OS CORPOS”**

A súa carreira nas artes escénicas comezou no ano 1970 participando na creación en Vigo do grupo Esperpento. Eran momentos difíciles, tamén para o teatro, pero cheos de retos. Bota en falta no teatro de hoxe algo daqueles tempos?

Boto en falta a enerxía, a xuventude e, sobre todo, a ideoloxía. Naquel tempo todo estaba moito máis condicionado por unha ideoloxía de loita unificada contra o ditador. Era tamén o descubrimento de como se podía facer teatro fóra de Madrid e poder vivir desa profesión. Había toda unha serie de descubrimentos que implicaron moitos sacrificios, pero tamén alegrías e satisfaccións.

Que gañou o teatro galego nestes case corenta anos?

Posiblemente identificación. Daquela negábase que os que faciamos teatro fósamos profesionais, considerábons afeccionados, como de colexio. Á sociedade galega custoulle moito ser consciente de que tiña un teatro profesional, galego e con bos actores.

Esperpento, Teatro do Atlántico, Centro Dramático Galego, Centro Dramático Nacional, Teatro da Mari Gaila, Teatro da Lúa, cine, televisión... son só algúns dos moitos chanzos da súa carreira. De que etapa se sente máis orgullosa?

Sempre da actual, aínda que boto unha mirada atrás e moitas veces sinto saudade. Necesito facer memoria porque é a miña identidade a que está en xogo, e todo o de atrás é o que fai que sexa a que son. Pero o de hoxe é o momento máis importante da miña carreira porque teño esperanza no futuro e penso que aínda podo facer grandes cousas. Por exemplo, *Kvetch* para min foi todo un descubrimento, tanto o texto como o sistema interpretativo. É unha proposta tan disciplinaria e ao mesmo tempo tan creativa e singular que me achegou moito, incluída a experiencia de participar nun elenco mixto de actores galegos e portugueses. Penso que a mellor época é a que vai vir.

Cre que o teatro galego está normalizado?

Penso que non o está, quizais porque non demos conquistado un público que poida soste o teatro en tempos de crise como o que vivimos agora. Os patios de butacas seguen estando daquela maneira, salvo en lugares moi concretos, pero illados, onde hai un traballo de programación teatral importante. Penso que esa é unha materia pendente do teatro galego. O teatro non ten sentido se non ten público, polo tanto hai que coidar o público. Non sei se as grandes compañías de teatro galego son conscientes de que hai que facer teatro para un público, que non se fai teatro para un mesmo. Do contrario non ten sentido. Para que imos facer tantos espectáculos teatrais se non hai quen os vexa?

“NON SEI SE AS GRANDES COMPAÑÍAS DE TEATRO GALEGO SON CONSCIENTES DE QUE HAI QUE FACER TEATRO PARA UN PÚBLICO, QUE NON SE FAI TEATRO PARA UN MESMO”

Que obra de Valle-Inclán lle gustaría levar ao galego?

Sobre todo as comedias bárbaras, porque son galegas, a traxicomedia de aldea *Divinas palabras* e todas esas pezas pequenas que transcorren en Galicia. A verdade é que todas, incluso *Lucas de Bohemia*, que din que é madrileña pero está chea de conxuncións sintácticas e vocabulario galegos. E tampouco me importa facela en castelán. En personaxes como Valle-Inclán gústame reivindicar que son bilingüe.

E que obra súa lle gustaría que se puidese estrear, poñamos por caso, en Londres?

Ningunha, porque aínda non escribín unha gran obra de teatro. Ténolle un aprecio especial a *Entre bastidores* e á última que estreei, *As mulleres do porvir*, que me parece un exercicio moderno de teatralidade para falar de tres grandes mulleres do século XIX.

No teatro, prefere dirixirse a si mesma ou que a dirixan?

Prefiro que me dirixan, por favor. Eu dirixía por necesidade, porque non tiña cartos para pagar un director. Comenteino unha vez con Núria Espert. Ela dicía que lle gustaba dirixirse a si mesma e eu dicíalle que a min non, que non tiña ollos fóra de min para ver o que estaba facendo.

Quen lle gustaría que a dirixise sobre o escenario?

Estou satisfeita cos que me dirixiron. Traballei nalgúns ocasións co director que máis me importou sempre, que é Mario Gas. Tamén con Núria Espert, que é moi interesante como actriz, como directora e como muller do teatro. O último co que traballei, Álvaro Lavín, sorprendeume moitísimo. E non me esquezo de Fernanda Lapa, a directora portuguesa coa que fixen *Mulliéribus*, con texto meu, e *Sigrid era só unha moneca rota*. Unha vaise formando a base dos estilos diferentes das persoas coas que traballas, que van deixando pegada en ti.



Algunha vez comentou que escribía e dirixía para poder contar con papeis acordes coas súas características como actriz. Por que cre que escasean?

Aí xa nos imos ao machismo e ao patriarcado. No teatro universal o 99 por cento dos papeis importantes e substanciais son masculinos. Incluso houbo épocas en que os papeis femininos tamén os facían os homes. Hai que escribir papeis para mulleres, para mulleres de todas as idades e con todos os corpos. Nos homes non importa o corpo que teñan, porque hai papeis específicos: galán, pai... Pero as mulleres teñen que ser todas tipo 90-60-90 e novas. Pasa no teatro e pasa no cine. Se non fose porque teño facilidade para escribir e puiden escribir papeis para min, eu non faría teatro. Tería quedado fóra de xogo. Escribir e dirixir permitíume crear papeis non só para min, senón para máis mulleres. Sempre busquei que o elenco fose esencialmente feminino, porque os que abundan son os elencos masculinos e os dramaturgos que escriben para homes.

E cre que ese patriarcado histórico no mundo do teatro segue vixente no teatro galego hoxe?

Si, si. Hai xestos, porque se non o teatro galego sería troglodita, pero son xestos que custa traballo facer, son máis ben cara á galería. Iso a pesar de que a muller demostrou ao longo dos séculos que está moi dotada para o teatro. Hai mellores actrices que actores, que tamén os hai bos, pero non en tanta cantidade e variedade.

Así que, aínda que non fose a razón máis desexable, eses atrancos por ser muller supuxeron un acicate para desenvolver as súas facetas de dramaturga e de directora de teatro.

Evidentemente. É que desde que non teño compañía deixei de escribir teatro! Para que vexa ata que punto había niso unha motivación moi grande. Supoño que volverei escribir cando teña ganas de contar. Agora que regresei ao teatro e sei que aguento ben unha función, posiblemente retomarei algúns proxectos que empecei hai anos e que están durmindo o sono dos xustos.

“SE NON FOSE PORQUE TEÑO FACILIDADE PARA ESCRIBIR E PUIDEN ESCRIBIR PAPEIS PARA MIN, EU NON FARÍA TEATRO. TERÍA QUEDADO FÓRA DE XOGO”

Cre que hai un discurso feminino no teatro?

Penso que si, porque eu tiven durante moitos anos un discurso feminino. Esa foi unha das razóns polas que me vareaon fortísimo ao longo do tempo. Sufrín marxinación nas subvencións, nas actuacións, pero iso tamén foi un acicate para min. Sempre dicía “comigo non ides poder”, “sei que estades desexando desfacervos de min”... e non é que teña manía persecutoria, están aí as cousas para ser demostradas. Son unha histórica deste país, o teatro profesional existe entre outras cousas porque eu estaba alí e contribuí a que nacera, e nunca tiven a consideración que teñen os meus compañeiros dinosauros masculinos.

E agora sénteste recoñecida?

Comigo suceden cousas estrañas. Digamos que noutra faceta que non sexa a de actriz estou sempre baixo sospeita: como dramaturga, como directora, como creadora. Como actriz non o discute ningún, pero noutros aspectos en que son tan aleatorias as opinións sinto que estou baixo sospeita, non podo cualificalo doutra maneira.





Está traballando nalgún novo proxecto?

Empecei a escribir unha novela xuvenil de aventuras, da que aínda estou no primeiro capítulo.

É a súa primeira novela?

Si. Mira ti, aos meus 64 anos escribindo unha novela xuvenil!

Seguiría sendo mestra se non se cruzase o teatro na súa vida?

Non creo. Demostrei ao longo da miña vida que son inconformista. Ás veces digo “ti cala, Dorotea, non digas nin mu” e paso unha tempada portándome moi ben. Pero logo chega un momento en que se abre esta boca e... *díos mío de mi vida!* Encantábame ser mestra, pero chegou un momento en que xa non podía, tiña que cambiar. Non lle dedicaba aos nenos o tempo que quería porque a miña cabeza estaba chea doutras cousas. Se non me metese no teatro, estaría escribindo, viaxando...

Que materia escolar lle gustaba máis?

Literatura, historia, latín e matemáticas. Raro, non?

Aplicou ao teatro a súa experiencia docente?

Penso que si. Deime conta anos despois de que, cando daba clase, ensinaba con trucos absolutamente teatrais. E decateime de que funcionaban moi ben.

Se hoxe fose unha mestra nova que en 2009 decide abandonar a docencia para dedicarse ao teatro, cre que sería máis difícil que hai corenta anos?

Non. Hoxe hai un camiño feito que non había daquela. Cando deixei a docencia todos dixeron que estaba tola porque non se podía vivir do teatro en Galicia. Eu deixaba un emprego fixo, remunerado, cun *status*. E logo había ese dito de “xente do teatro, tropa do carallo”... Neste momento é moito máis fácil. Moita xente faino porque ten un camiño aberto, agora hai un mercado de actores. Seguramente se eu e catro ou cinco máis non tivésemos profesionalizado o teatro na súa época, nin habería series de televisión, nin habería actores, nin se podería rodar cine aquí.

Que lle gusta facer no tempo libre?

Escoitar música e ver cine. Ultimamente adquirín o mal costume de velo en vídeo.

Que tipo de cine lle gusta máis?

Son fan de Almodóvar. Xa sei que está moi visto, pero a min éncheme moitísimo, incluso as películas que din que non son tan boas. Tamén me gusta moito Amenábar, e son unha auténtica apaixonada de Fellini, que é o home máis grande que existiu no cine.

Ten moitos amigos no Facebook?

Teño algúns. Esas cousas aínda as manexo mal, pero paréceme moi interesante. Cando a miña filla me fixo o perfil no Facebook sorprendeume a cantidade de xente que se empezou a apuntar para ser amiga. Moitos deles xa eran amigos no real e agora tamén o son no virtual.

Dígame unha actriz ou actor do que aprendera moito.

Sempre fun fan de Mari Carrillo, pero mamei de moitas actrices en España. En Galicia, como son a máis vella...

E indo para adiante, que actores e actrices cre que aprenderon de vostede?

De min non sei se aprendeu alguén. Tampouco importa, o importante é que aprendan a actuar, sexa de quen sexa. Penso que na actualidade hai un material espléndido. Din os directores de cine que os actores galegos son moi bos, e é certo.

Cando foi a última vez que o teatro lle quitou o sono?

Sempre me quita o sono cando estou a punto de estreir. Levo corenta anos ou sabe deus cantos no teatro e sigo tendo pánico escénico. E, se o teño nos días de función normal, canto máis nunha estreita. Teño medo de esquecer o texto, de quedar en branco.

E que pode dar máis medo que saír ao escenario e que se lle esqueza o texto?

Facer o ridículo. Estar nunha situación en que de repente che entra esa sensación tan grande de querer desaparecer.

Que terían que botar na tele para declinar unha invitación ao teatro?

Nada, porque na televisión sempre se pode gravar, e o teatro é irrepitible, hai que estar alí no momento en que sucede. Hai que ir!

O espello que nos mira

Ana Romani

Un sólido edificio construído con entusiasmo e paixón, unha casa para habitarmos e escoller cuarto, un lugar creado na perseveranza, no erro e no éxito, ese que aínda hoxe nos segue a sorprender. As persoas que tivemos (por cuestión xeracional) a fortuna de asistir ao longo dos anos á construción da arquitectura do teatro galego, de comprobar como se foi facendo a masa, poñendo os ladrillos, abrindo as fiestras, deseñando balcóns, aireando os faiados, observamos con atención o proceso porque sabemos do custoso e laborioso do esforzo e gozamos de andarmos por ela, pola casa xa máis ampla, e porque sabemos tamén da vulnerabilidade deste sólido edificio, do perigo da intemperie se non se segue a retellar e ampliar espazos e a pintar as portas e renovar as tubaxes, e cómpre alicerzar cimentacións.

A temporada deste edificio teatral, cada vez máis suxectivo e frecuentado, chega mediada por un período de mudanzas, e cómpre, nese sentido, ir pensando na excesiva dependencia dos sectores da cultura respecto dos cambios políticos. Ese “e agora que?” que mediatiza proxectos en construción, un estado por outra banda necesariamente consubstancial dos procesos artísticos sempre en movemento, claro que se cadra non tanto das industrias. Os que queremos teatro, os que queremos ese artificio que nos cuestiona e nos inquieta, que nos despoxa e nos constrúe, agardamos seguir andando por esa casa cada vez máis frecuentada, con cuartos a abrirse na creación e consolidación de públicos, na diversidade das propostas artísticas, e queremos poder entrar, se así o desexamos, varios días seguidos. A continuidade do cartel da oferta teatral, ese pór o teatro á disposición do público, facilitar a asistencia con programación de varias semanas en cartel, é unha urxencia.

Duns anos para aquí vimos celebrando aniversarios, teñen as compañías maiorías de idade, outras experimentan existir, consolidanse traxectorias diferenciadas, renóvanse linguaxes e diversifícanse liñas escénicas, fórmanse actores e actrices, hai obras que mesmo se repoñen, e incluso medra o público en tempos de crise. Daquela, e mentres agardamos polas compañías residentes,

“
As persoas que
queremos teatro imos
asistir nestes meses de 2009
a algunhas estreas
agardadas e á continuidade
da actividade escénica,
marcada, se cadra, por
máis comedia, máis
contemporáneo, algún
musical e autoría
a pé de escenario

a continuidade na oferta, a ampliación da actividade independente, a apertura de novos espazos, mentres observamos o efecto do Plan das Artes Escénicas e da Agadic, as persoas que queremos teatro imos asistir nestes meses de 2009 a algunhas estreas agardadas e á continuidade da actividade escénica, marcada, se cadra, por máis comedia, máis contemporáneo, algún musical e autoría a pé de escenario. Poderemos ver dúas obras de Roberto Vidal Bolaño (unha fortuna Vidal Bolaño revisitado), as novas obras de Gustavo Pernas, Ana Vallés, Eduardo Alonso, Cándido Pazó e Roberto Salgueiro. Asistiremos ás novas propostas de Carlos Blanco, Teatro do Atlántico, Matari-le, Teatro do Noroeste, Ancora Producións ou Lagarta Lagarta. Veremos os Bolechas en monicreques, Sanchis Sinisterra convivirá nas programacións con Quico Cadaval, Hans Christian Andersen con Bernardino Graña e o contemporáneo de Ensalle co cabaré de Femme Fatale. Teremos oportunidade de ver aquilo que aínda non podemos ver por non cadrar o día e a hora no momento xusto, e así andaremos sen vertixe polas estadas de *Obra*, asistiremos ao xogo de identidades a ritmo de rock de *Testosterona*, ao teatro en banda deseñada das Vingadoras, á indagación dos límites de *Dáme veneno*, un mundo de fauna a descubrir en *Bicharada* ou ao drama cotián da violencia na feliz recuperación d’*A Piragua*. E, se predomina a comedia e o contemporáneo, algo hai tamén de drama, de musical e mesmo de poesía de carne e óso, replicantes na órbita de *Blade Runner* e tradición a danzar contemporánea nunha simbiose de linguaxes que fan confluír imaxe, poema e movemento.

E como todo conflúe no escenario e no patio de butacas e na praza ou nas estadas e guindastres, verémonos aí, na creación escénica, o espello que nos mira e interroga.



PRINCESAS: OLVIDADAS O DESCONOCIDAS
Al Suroeste Teatro

Autoras: Itziar Pascual e Cristina D. Silveira
Dirección: Cristina Silveira / Elenco: Elena Sánchez, Cristina Pérez, Marina Rubio, Andrea Isasi e Roberto Calle / Xénero: Danza/Contemporánea

Esta é a historia de catro mulleres, catro amigas, catro veciñas; onte, catro nenas. As nenas que xogaban no patio de atrás, cada tarde, a ser e a disfrazarse. O tempo pasou e cada unha tomou un camiño na vida. Atrás quedou o patio, o barrio, a infancia, os xogos. Atrás?

Esta é a historia de Candela, Remedios, Alba e Consuelo. Unhas *crac*. Esta é a historia das prince-
sas que foron e que son. A historia das princesas que soñamos ser. As princesas esquecidas e agochadas.

+ info. en: www.alsuroeste.es



RENOVABLE
Intermission Dúo de Percusión

Autor: Ignacio Sanz Santás / Dirección: Ignacio Sanz
Elenco: Ignacio Sanz e Raquel González / Xénero: Danza/Contemporánea

Renovable é un espectáculo para música e danza contemporánea, a partir de obras compostas por Ignacio Sanz sobre a enerxía renovable. Emprega elementos que nun principio non están destinados a facer música (unha bicicleta, auga...) e que, sen alterar as súas calidades físicas, son utilizados como instrumentos musicais. Tamén se fai uso de instrumentos de percusión como a marimba ou vibráfono, de electroacústica e de elementos audiovisuais.

+ info. en: www.myspace.com/intermissionduo



SCRACEJA'T
CobosMika Company

Autor: CobosMika Company / Dirección: Peter Mika e Olga Cobos / Elenco: Pol Fruitós, Lluç Fruitós, Berta Pons, Clara Pons e Manel Salas / Xénero: Danza/Contemporánea

Este espectáculo bríndanos a oportunidade de gozar da fusión da danza contemporánea e do *hip hop*.

A obra achega os mozos ao mundo da danza coa intención de sentilo como un medio accesible para todos, tratando situacións sinxelas, ofrecendo unha linguaxe coreográfica e unha interpretación de calidade.

+ info. en: www.agada.es



TRES
Pisando Ovos

Dirección: Rut Balbís / Elenco: Janet Novás, Andrea Quintana e Rut Balbís / Xénero: Danza/Contemporánea

O tema de investigación, nós mesmas, a muller en si. Non existe a necesidade de reivindicar o noso sexo, nin de defender ou criticar ningún aspecto social ou histórico da muller, simplemente que-
remos xogar co encontro de tres persoas, de tres mulleres que son condicionadas pola súa sexuali-
dade, á vez que polas súas experiencias persoais acerca dela. Provocar encontros e desencontros das tres coas súas individualidades e os seus puntos en común. Un mundo por descubrir que se irá abrindo a medida que o proceso avance, resca-
tando historias persoais e outras máis comúns.



69
Arela das Artes

Autora: Diana Mera / Dirección: Diana Mera
Elenco: Vicky Pérez, Marta Pérez/Rosa Puga Davila, Diana Mera / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Catro mulleres chegan a un espazo ateigado de obxectos onde se erixe unha inmensa estrutura metálica con reminiscencias a un parque infantil. Visten traxes de mulleres obesas espidas. Non saben por que levan eses corpos que non lles pertencen, non saben que fan nese lugar. Só saben que se coñecen. Que poden facer nun lugar descoñecido? Só hai un camiño: VIVIR. No mellor dos casos, vivir xogando e, no peor deles, xogar a vivir.



105 PASOS O LA MECÁNICA DE LA CARNE
Teatro Ensalle

Autor: Pedro Fresneda Martínez / Dirección: Pedro Fresneda Martínez / Elenco: Raquel Hernández e Artús Rei / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

105 pasos o la mecánica de la carne fala de distancias, da infinita distancia que existe entre o que sofre e o que mira, dos anos que pasan nun segundo cando de súpeto se comeza a sufrir e se sabe que xa nada será igual, do mirar bovino da xente que mira, a un lado da praza, como outros dan voltas.

Dou voltas para reivindicar o movemento, a non quietude.

A distancia entre o meu quefacer e a túa mirada; que máis quixera eu que non ter este quefacer.

+ info. en: www.teatroensalle.com



A PIRAGUA
Cándido Pazó. Abrapalabra Creacións Escénicas

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Xosé Manuel Oliveira “Pico”, Susana Dans, Marcos Orsi, Iolanda Muíños, César Martínez “Goldi”, Ricardo de Barreiro e Mariam Bañobre / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

É lícito aparcar unha piragua nunha praza de garaxe dun edificio? Acompañando os veciños no desenvolvemento da desavinza que esta cuestión provoca, descubrimos que nun dos pisos está a producirse unha situación de violencia doméstica. É unha circunstancia que sempre existiu pero que ultimamente está aumentando e cobrando máis vi-
sibilidade debido á nova actitude da vítima, Rosa, unha muller que, farta de aguantar, decide enfron-
tarse para establecer unhas novas regras de xogo. As cousas poden e deben ser doutra maneira.



A PREGUIZA (LA FIACA)
Teatro del Andamio

Autor: Ricardo Talesnik / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Anxo Tirado, María Lodeiro, Isabel de Toro, Álvaro Guevara e Gema Ulloa / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Manolo esperta un luns e decide non ir traballar; ten preguiza... quere quedar na cama medio durmido, non facer nada, xogar como cando era rapaz. Esta decisión de Manolo fai que só en tres días o seu matrimonio rompa e que o Estado entre nunha crise profunda de valores éticos. O mundo está en perigo! Mentres... Manolo xoga aos vaqueiros cun compañeiro de oficina.

+ info. en: www.teatrodelandamio.com



AEROPLANOS
Lagarta, Lagarta

Autor: Carlos Gorostiza / Dirección: Rosa Álvarez
Elenco: Ernesto Chao e X. M. Oliveira “Pico” / Xénero: Teatro adultos/Comedia

“Aeroplanos é unha comedia: de texto, de intriga, idealista, enxeñosa e de linguaxe sutil. Sabemos que rir é unha defensa contra a angustia e, de maneira moi xeral, a comedia é o lugar de todos os alivios posibles. É unha viaxe da vida, dun instan-
te, dun segundo. Unha viaxe onde o tempo, medi-
ble por un reloxo, non ten ningunha importancia, dunha viaxe que ten un minuto, nada máis, pero este minuto... dentro... teno todo”. Rosa Álvarez.



ANXELIÑOS
Espello Cóncavo

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Arturo López
Elenco: Fernando Morán, Rodrigo Roel, Estíbaliz Veiga, Manu Fernández e Isabel Martínez Risco / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Charli, ex-policía franquista, dirixe unha axencia de cobramento de morosos. Xunto con el, Leti, a súa filla; Chema, o xenro; Tigre, vello amigo, tan fiel como inútil; e Sor Anxélica, unha monxa empeñada en salvar almas á forza.

Charli e os seus serán capaces de calquera cousa con tal de salvar a axencia, incluso pactar co diabólico gánster Damián...

+ info. en: <http://espelloconcavo.com>



AS VINGADORAS
Maquinaria Pesada

Autoría: Maquinaria Pesada / Dirección: John Wright
Elenco: Isabel Risco, Marián Bañobre, José Losada e Leis Martínez / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Algo cheira a podre aí fóra, haberá que investigar e enfrontarse a quen ou ao que sexa. Coa súa preparación e coñecementos, as astutas Emma e Pili, unha vez máis, resolverán un caso de máxima importancia para a sociedade galega. Este tándem é convocado de novo pola Nai para resolver un enigma: Cal será desta vez? Que aventuras as agardan? Sairán airosas deste novo reto? Sobrevivirán? Supervivirán?...

+ info. en: www.maquinariapesadateatro.com



ATRA BILE
Teatro de Ningures

Autora: Laila Ripoll / Dirección: Etelvino Vázquez
Elenco: Casilda Alfaro, Sonia Rúa, Josi Lage, David Novas e Fran Paredes / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dun pobo calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latexantes, durante cincuenta anos.

+ info. en: www.teatrodeningures.com



BILADELA DA MORTE DITOSA
Teatro de Ningures

Autor: Roberto Vidal Bolaño / Dirección: Etelvino Vázquez / Elenco: Sonia Rúa, Fran Paredes, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Mónica Camaño, Salvador del Río e Casilda García / Xénero: Teatro adultos/Drama

Bailadela da morte ditosa preséntanos seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Encontros procurados sempre polos personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado. E Roberto Vidal Bolaño píntanos eses cadros coas súas pinceladas características: unha linguaxe áxil e poderosa, uns personaxes de gran profundidade e un achegamento ao tema –a morte buscada, a “ditosa”– sen estridencias, con gran naturalidade, como sempre se tratou desde o noso imaxinario.

+ info. en: www.teatrodeningures.com



BROKERS
Yllana

Autoría: Yllana / Dirección: David Ottone / Elenco: Fidel Fernández, Antonio Pagudo, Toni de la Fuente e Luís Cao

Xénero: Teatro adultos/Comedia

Brokers, ao máis puro estilo Yllana, retrata o salvaxe e irreverente mundo das altas finanzas. Os protagonistas son catro tiburóns dos negocios na procura do éxito nesta era consumista. Fanáticos da moda de marca, das últimas tecnoloxías, da comida sa e do culto ao corpo, introdúcense nun mundo no cal a carreira polo triunfo descobre os seus medos máis agochados, provocando ridículas situacións que farán tremer os piares da sociedade máis consumista.

+ info. en: www.culturactiva.org



CABARÉNCRISE (SEN BANDA)
Compañía Femme Fatale

Autor: Nelson Quinteiro / Dirección: Nelson Quinteiro

Elenco: Carla de Figueredo, Débora Botana, María Manero, Uxía Vázquez, Yolanda Paz, María Polo, Nuria Sotelo e Nelson Quinteiro / Xénero: Teatro adultos/Comedia

En *Cabaréncrise*, un corpo de seis bailarinas, un mestre de cerimonias nada convencional, unha malabarista, unha bailarina de danza contemporánea, unha cantante de jazz ou unha bailarina de baile tradicional xuntan un feixe de disciplinas baixo un fío condutor de rabiosa actualidade como a crise.

+ info. en: www.myspace.com/ciafemmefatale



CACHAI
Miroscopio Perdicións

Autor: Pepe de Jiménez / Dirección: Pepe de Jiménez

Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Cachai introdúcenos nunha viaxe. Unha viaxe que se inicia cando non queda nada, ás veces familia, casa, traballo, identidade legal, saúde ou afecto. A vida entón acontece grazas á insistencia por agarrarse a ela. Nunha loita constante por non perder a dignidade. Nunha loita por sobrevivir. Cando non queda nada é preciso renacer. Renacer despois da perda. Renacer desde a carencia. Renacer dos anónimos, daqueles dos que ninguén se lembra, das vítimas. Dos inocentes. Dá igual se ocorre en Galicia, en Marrocos, en Chile ou en Palestina. *Cachai?*



CERRADO POR ABURRIMENTO
Matarile Teatro

Autora: Ana Vallés / Dirección: Ana Vallés

Elenco: Ana Vallés, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Ricardo Santana, Sofía Sarmento e dous músicos / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Trata sobre a idea de rescatar unha mirada propia, sen deixar de preguntarnos “que importa a quen” e desde un posicionamento á defensiva ante o aburrimiento, a repetición, os críticos de teatro e os manifestos en xeral.

+ info. en: www.matarileteatro.com



COA PALABRA NA LINGUA.
CONCERTO EN DÚAS LINGUAS
PARA DOUS ACTORES E UN MÚSICO

Teatro Nu

Autoría: Varios autores / Dirección: Zé Paredes

Elenco: Mónica Camaño, Zé Paredes e Anxo Graña

Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Coa palabra na lingua é un percorrido emocional polas poesías portuguesa e galega, unificadas no acto teatral. Desde os poetas de comezos do século XX ata os de agora, as dúas linguas desfilan musicalmente polo corpo e pola voz dos intérpretes. Fernando Pessoa, Álvaro Cunqueiro, Ary dos Santos, Avilés de Taramancos, Marta Dacosta, María Teresa Horta, Chus Pato... Son algunhas das falas posibles nesta proposta.



COLGADOS (LOGOMONOS)
Ancora Produccións

Autor: Gustavo Pernas Cora / Dirección: Anxela G. Abalo / Elenco: Gustavo Pernas Cora / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Logomono* de Gustavo Pernas Cora. En épocas de crise hai moito colgado. “Homesoga” é un colgado profesional. Que tes un problema grave? El cólgase por ti. A historia é increíble. Todo comezou sendo neno, cando... En fin, se queres que cha conte e precisas dos seus servizos, ven, el nunca te deixará colgado... porque morrerás coa risa.

*Os logomonos son monólogos ao revés, monólogos mutantes interpretados polo propio autor. E logo son monos, para lucir nos espazos da comedia, espectaculares, peludos, esperpénticos, surreais, actuais, críticos, acedos, divertidos, ha, ha, ha!, hilarantes como a risa dos monos.



CRÓNICAS DE DÍAS ENTEIROS,
DE NOITES ENTEIRAS
A Factoría Teatro

Autor: Xavier Durringer / Dirección: Alfredo Rodríguez e Olga Cameselle / Elenco: Anabel Gago, Gena Romero, Fran Peleteiro, Santiago Cortegoso e Xosé Manuel Esperante / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Nun espazo de transición, de tránsito dun lugar a outro, cinco personaxes da mesma xeración, de entre 30 e 35 anos, andan á procura de algo. Andan á procura deles mesmos, con ansia, con todas as súas forzas. Como unha suma de crónicas sobre as súas vidas, unhas escenas recollen anacos das súas experiencias cotiás, e outras mostran o seu interior, como pensan, soñan e falan deles mesmos.



DÁME VELENO
Sarabela Teatro

Autora: Ánxeles Cuña Bóveda / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo, Xosé A. Porto “Josito”, Tito R. Asorey, Fina Calleja, Nate Borrajo e David Varela / Xénero: Teatro adultos/Drama

Un avó e unha avoa moi especiais, preocupados pola súa descendencia, tentan comunicarse con ela desde o alén. Un dos seus netos crese un mariscal, mentres as súas tías teñen a tola esperanza de poder axudar a facer máis levadía a existencia dos infelices. Unha parella disposta a non deixar que lles arrebatan o seu amor. Un neto mesquiño, un cirurxián plástico sádico e unha enfermeira ansiosa tecerán un nobelo fantástico.

+ info. en: www.sarabelateatro.com



EXITUS
Titzina Teatre

Autores: Diego Lorca e Pako Merino / Dirección: Diego Lorca e Pako Merino / Elenco: Diego Lorca e Pako Merino

Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un funerario, un home na busca de emprego, un directivo dun laboratorio farmacéutico e un avogado mesturan as súas vidas sen que eles mesmos sexan conscientes do destino común que os une. Catro persoas que se enfrontan á morte desde puntos de vista tan diversos como o dunha profesión, unha traxedia ou un acto irreversible da vida.

+ info. en: www.titzinateatro.com



FRIDA
A Internacional Teatro

Autor: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey

Elenco: Manuela Varela e Alfredo Padilla

Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Na súa última noite, Frida viaxa polos momentos máis inquietantes da súa vida, marcada por un intenso amor á beleza e á creatividade, así como polo sufrimento dun corpo sumamente violentado. Esta dualidade do creativo imaxinario en oposición á dor e á violencia permítenos elaborar un discurso reflexivo e audaz sobre a represión que soportou e soporta a muller na sociedade.

+ info. en: www.ainternacional.com



GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL)
Teatro do Noroeste

Autor: Eduardo Alonso / Dirección: Eduardo Alonso

Elenco: Xavier Estévez, Luma Gómez, Carlos Mosquera “Mos”, Monti Castiñeiras, Maxo Barjas, Xan Casas, Christian Escuredo, Ramón Orenco, Brandán Lourenzo, Fernando Tato, Fernando González, Brais Morán, Julia Méndez e Julia Sánchez / Xénero: Teatro adultos/Musical

Espectáculo musical de gran formato, en *Glass City* dúas cuestións impregnan todo o argumento: o lugar (a cidade da Coruña) e a época (setembro de 1958). Nesas datas, o entón xefe do Estado español, o ditador Francisco Franco, adoitaba veranear na Coruña. Con el chegaban á cidade unha morea de ministros e altos cargos que a transformaban, durante uns días, na capital de España cos seus consellos de ministros, recepcións, inauguracións, festexos e concursos. Daquela época vén o dito de que “mentres Santiago reza e Vigo traballa, a Coruña divírtese”. Pero é tamén nese ano cando chegan aos bares da Coruña as “juke box”, cando xermina a revolución da música xuvenil e nace a xuventude como clase social.

+ info. en: www.teatronoroeste.com



HISTORIAS TRICOLORES OU DE COMO AQUELES ANIMALIÑOS PROCLAMARON A REPÚBLICA
Cándido Pazó. Abrapalabra Creacións Artísticas

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó
Elenco: Cándido Pazó / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Esta proposta unipersoal, a cabalo entre a narración e o teatro, busca os seus antecedentes escénicos nas actuacións en solitario de Darío Fo e outros cultivadores da xografía da palabra. Un traballo que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director teatral coa súa longa e recoñecida traxectoria como contador de historias. Un texto divertido e emotivo no que o cómico e narrador, desde o humor e a evocación, enfía varias historias nun conxunto dramatúrxico que reivindica e homenaxea a memoria de dous personaxes humildes e anónimos implicados no atribulado momento histórico que lles tocou vivir.



IMASXINARIUM
Expresións Produccións

Creación colectiva / Dirección: Manuel Solla
Elenco: Carlos Cerviño, Roberto Alsina, Ramón Lage, Vicky Estévez, Miguel Martínez, Susana Cerviño, Vanesa Moreira e Alberto Montes / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Afrouxen os cintos para facer unha viaxe ao gran mundo da imaxinación, do noso neno interior. *Imaxinarium*: uns limpadores sorprenden o público co seu bo humor, creatividade e, sobre todo, imaxinación, facendo que o espectador teña unha viaxe lúdica e divertida.

+ info. en: www.expresionproductions.com



KVETCH (UNHA COMEDIA AMERICANA SOBRE A ANSIIDADE)
Teatro do Morcego

Autor: Steven Berkoff / Dirección: Álvaro Lavín
Elenco: Celso Parada, Mónica Camaño, Miguel Pernas, Dorotea Bárcena e Mundo Villalustre / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Imaxine un intre no que vostede puidese expresar en alto todo aquilo que pensa polo baixo, sen ser oído polos que o rodean. Imaxine a cantidade de sesións de diván na consulta do psicanalista que aforraría. Ou non? Un espectáculo impúdico, xubiloso, devastador e feroz dos seus medos, frustracións e tensións diarias de toda caste. Unha obra dedicada a todos os que teñen medo.



LA LECCIÓN
Teatro Círculo

Autor: Eugène Ionesco / Dirección: Pablo Corral Gómez
Elenco: Pascual Rodrigo, Pura Marco Vivó e Eva García Muñoz / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha atractiva e aplicada estudante vai recibir a súa primeira clase particular co novo mestre. Non é a primeira que o visita hoxe para recibir as súas leccións. A comprobación dos seus coñecementos e a ensinanza doutros novos desencadean no profesor, unha vez máis, a alteración dos seus modais e do seu delicado equilibrio psíquico.

+ info. en: www.teatrocirculo.com



LA OMISIÓN DE LA FAMILIA COLEMAN
Producciones Teatrales Contemporáneas

Autor: Claudio Tolcachir / Dirección: Claudio Tolcachir
Elenco: Araceli Dvoskin, Mirían Odórico, Inda Lavalle, Tamara Kiper, Lautaro Perotti, Diego Faturos, Gonzalo Ruiz e Jorgue Castaño / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha familia vivindo ao límite da disolución, unha disolución evidente, pero secreta; convivindo nunha casa que os contén e os encerra, construíndo espazos persoais dentro dos espazos compartidos cada vez máis complexos de conciliar. Unha convivencia imposible transitada desde o absurdo devir do cotián, onde o violento se instala como natural e o patético se ignora por compartido.

+ info. en: www.ptcteatro.com



MANÁ MANÁ
Los Ulen

Autoría: Los Ulen / Dirección: Juan Carlos Sánchez
Elenco: Pepe Quero, Maite Sandoval e Paco Tous
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Esta obra é produto de tres cómicos que seguen dando vida a un soño chamado Los Ulen. *Maná Maná* abriulles un mundo de coherencia e valentía. O máis pequeno é o noso centro, o noso núcleo vital. Caemos posuídos pola real irrealdade. Fli deixounos orfos e os tres, ao ver que o maná non caía do ceo, dispuxémonos a conquistar a esencia do herdado. A creación é recrear o ensaio, traballar moito, moito traballo artesán. Ensaiair. Ir ao ensaio. Sen présa. Con pausa. Cada segundo é real. De repente, o dramático e o cómico xúntanse. Calquera escena é un feito extraordinario. Talvez si ou talvez non. É tan emocionante perder o norte sen ter perdido o sur...

+ info. en: www.losulen.com



MEMORIA DEL JARDÍN
Magrinyana

Autor: Antonio Fernández Lera / Dirección: Antonio Fernández Lera / Elenco: Ana Buitrago, Celso Jiménez e Gonzalo Cunill (actor en vídeo e voz en off)
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Memoria del jardín é un diálogo inevitable entre un home e unha muller, co transfondo dunha enfermidade aparentemente terminal. Nas reflexións de ambos aparecen outras presenzas e outras ausencias. En escena escóitase unha terceira voz que converte a saída do hospital nunha viaxe, unha liberación, unha escapada, un inesperado triunfo sobre a morte.

+ info. en: www.aflera.com/magrinyana



MIÑA BEN QUERIDA FILLA...
Teatro do Lume

Autora: Lina Pérez / Dirección: Daniel Casquero / Elenco: Tania L. Villamarín, Lina Pérez e Rita Tabarés / Xénero: Teatro adultos/Drama

Miña benquerida filla... fala das posesións. Ata que punto un ser humano ten dereitos sobre outro? E, se os ten, ata onde chegan? Dentro dun universo amplo, creado por tres xeracións de mulleres, ten lugar un “conto sinxelo”: a nai educa á filla baixo unha disciplina férrea; a rapaza crece e dubida do camiño que lle foi trazado, polo que tenta liberarse dalgún xeito. A celebración do aniversario da filla convértese nunha loita de poderes na que alguén vai saír mal parado.



MUNDO Y FINAL
Ron Lalá

Autor: Ron Lalá / Dirección: Yayo Cáceres
Elenco: Juan Cañas, Iñigo Echevarria, Miguel Magladena, Daniel Rovalher e Álvaro Tato / Xénero: Teatro adultos/Musical

A conta atrás comezou. Queda máis dunha hora para a destrución do mundo... en rigoroso directo. Despídanse dos seus seres queridos, escriban a súa última vontade, póñanse cómodos e apaguen o teléfono.

+ info. en: www.ronlala.com



ÑAQUE, OU DE PIOLLOS E ACTORES
Teatro de Ningures

Autor: Sanchis Sinisterra / Dirección: Salvador del Río
Elenco: Fran Paredes e Santiago Cortegoso / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Solano e Ríos, dous “famosos representantes” do século XVII, entran arrastrando unha vella arca que encerra todo o seu “aparato” teatral. Chegan ao *aquí* e ao *agora* da representación procedentes dun longo vagabundeo a través do espazo e do tempo. Teñen que repetir ante o público un espectáculo, a medio camiño entre o relato e a interpretación, pero o cansazo, o aburrimiento, a fame, as dúbidas e os temores atrasan, interrompen unha e outra vez a súa actuación... A través dun diálogo vivo e cheo de enxeño, rememoran feitos, intercambian anécdotas, parodian actuacións..., todo salpicado de moito humor e sentido do popular.

+ info. en: www.teatrodeningures.com



NÁUFRAGOS
Teatro Galileo

Autor: André Roussin / Dirección: Pedro Rubín
Elenco: César Cambeiro, Ana Santos, Paco Campos e Raúl Varo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Obra de recoñecido éxito internacional, *Náufragos* aborda as relacións de parella nunha illa paradisíaca logo dun naufraxio. *Náufragos* é un espectáculo de amizade, sinceridade, amor e liberdade individual; unha obra teatral recoñecida pola crítica francesa como unha xoía do teatro contemporáneo.

+ info. en: www.teatrogalileo.es



NO COMMENT. OBRA
PT Excéntricas

Autor: Quico Cadaval / Dirección: Quico Cadaval / Elenco: Marcos Orsi, Víctor Mosqueira, Borja Fernández e Suso Alonso / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha obra en construción, moitos metros sobre o nivel do chan. Os operarios non falan, en parte polo barullo das máquinas, en parte porque teñen de países e culturas diferentes. É o Babel moderno. Constrúese contra o ceo e non se entende quen o fai. Sen necesidade de falar, dous obreiros encóntranse: un veterano e un novo; o que leva toda a vida e que dalgún modo comprende a política do ladrillo e aqueloutro que, se cadra, preferiría ser violinista, economista ou xamán na súa terra natal.

+ info. en: www.emedous.com

PROGRAMACIÓN
SETEMBRO-DECEMBRO 2009

[consultar posibles modificacións de carteleira
en *www.culturavai.info*]

PROVINCIA DA CORUÑA
A CORUÑA

SETEMBRO	NOVEMBRO
10 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS <i>Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a República</i>	01 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>
17 e 18 ás 21.00 h _Teatro Rosalía Castro TEATRO GALILEO _ <i>Náufragos</i>	01 ás 19.00 h _Forum Metropolitano LAGARTA LAGARTA _ <i>Aeroplanos</i>
19 ás 19.00 h _Forum Metropolitano GALITOO _ <i>Babiliglub</i>	04, 05 e 06 ás 20.30 h _Forum Metropolitano CHÉVERE _ <i>Testosterona</i>
24 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia TEATRO DE NINGURES _ <i>Atra Bile</i>	06 e 07 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>
26 ás 19.00 h / 27 ás 17.30 h _ Forum Metropolitano TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	07 ás 18.00 h / 08 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio TEATRO DE MARIONETAS TRÉCOLA _ <i>O pasmón Peatón</i>
OUTUBRO	13 e 14 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro PRODUCCIONES TEATRALES CONTEMPORÁNEAS <i>La omisión de la familia Coleman</i>
09 e 10 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro QUIQUE PEÓN, CÍA. _ <i>Ovay</i>	21 ás 18.00 h / 22 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio TRES GLOBOS _ <i>O parrulo Feo</i>
10 ás 18.00 h / 11 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio TIRITITEMPO _ <i>A historia máis prodixiosa</i>	26 e 27 ás 12.00 h / 28 ás 19.00 h _Forum Metropolitano MARIE DE JONGH _ <i>Por qué lloras, Marie?</i>
17 ás 18.00 h / 18 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio CASA HAMLET _ <i>Ratiña linda</i>	26 e 27 ás 20.30 h / 28 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro ANCORA PRODUCCIÓNS _ <i>Colgados</i>
18 ás 19.00 h / 19 e 20 ás 12.00 h _Forum Metropolitano MIROSCOPIO PERDICIÓN _ <i>Cachaí</i>	27 e 28 ás 20.30 h _Teatro Colón Caixa Galicia MATARILE TEATRO _ <i>Cerrado por aburrimento</i>
24 ás 18.00 h / 25 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio 7 LOBOS TEATRO _ <i>O bosque brillante</i>	28 ás 18.00 h / 29 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio FANTOCHES BAJ _ <i>Tío Miseria</i>
24 ás 20.30 h / 25 ás 19.00 h / 26 ás 11.30 h _Teatro Rosalía Castro TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	DECEMBRO
30 e 31 ás 20.30 h _Forum Metropolitano LAGARTA LAGARTA _ <i>Aeroplanos</i>	04 ás 12.00 h / 05 ás 19.00 h _Forum Metropolitano GALITOO _ <i>Babiliglub</i>
31 ás 18.00 h _Teatro del Andamio TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>	13 ás 17.30 h / 20 ás 17.30 h _Forum Metropolitano CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>
	19 ás 18.00 h / 20 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio SAPRISTI _ <i>Unha merenda de Alicias</i>
	26 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio PÁPRIKA TEATRO _ <i>Un gran festival</i>
	27 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio LA VEREDA TEATRO _ <i>Catalina y los bosques de hormigón</i>
	28 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio A LOCA - MOTORA _ <i>Carlota e Marieta dan a volta ao planeta</i>
	29 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio OS BARBALLOCAS _ <i>Os Barballocas van de camiño</i>
	30 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio ULTRAMARINOS DE LUCAS _ <i>¿Cuándo?</i>

AMES

SETEMBRO		
25 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
MIROSCOPIO PERDICIÓNs _ <i>Cachai</i>	[P. 21]	
OUTUBRO		
16 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]	
18 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
A XANELA DO MAXÍN _ <i>Chincha rabincha</i>	[P. 38]	
30 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L. _ <i>Nunca menos</i>	[P. 31]	
NOVEMBRO		
20 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	[P. 31]	
22 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 39]	
27 ás 21.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
ARELA DAS ARTES _ <i>69</i>	[P. 20]	
DECEMBRO		
11 ás 21.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
29 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>	[P. 42]	

ARTEIXO

OUTUBRO		
02 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
PRODUCCIÓNs ACONTRABUTACA _ <i>Un morto moi vivo!</i>	[P. 31]	
DECEMBRO		
04 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
YLLANA _ <i>Brokers</i>	[P. 21]	
11 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

OUTUBRO		
09 ás 21.00 h _Cine Alovi		
TEATRO GALILEO _ <i>Náufragos</i>	[P. 22]	
16 ás 21.00 h _Cine Alovi		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]	
23 ás 21.00 h _Cine Alovi		
PT EXCÉNTRICAS _ <i>No Coment. Obra</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
08 ás 19.30 h _Cine Alovi		
BALLET CARMEN ROCHE _ <i>El patito feo</i>	[P. 08]	
DECEMBRO		
20 ás 18.00 h _Cine Alovi		
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp</i>	[P. 48]	
29 ás 18.30 h _Cine Alovi		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 42]	

BETANZOS

NOVEMBRO		
08 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	
22 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
MALASOMBRA _ <i>O día do pai</i>	[P. 31]	
DECEMBRO		
06 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L. _ <i>Nunca menos</i>	[P. 31]	
12 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
ARELA DAS ARTES _ <i>Arela Miúda en: O recuncho de Anabel</i>	[P. 36]	
19 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	[P. 42]	
26 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
SARABELA TEATRO _ <i>Cósima</i>	[P. 39]	

CARBALLO

OUTUBRO		
11 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
RON LALÁ _ <i>Mundo y final</i>	[P. 22]	
12 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
24 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]	

DECEMBRO		
18 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
ESPELLO CÓNCAVO _ <i>Anxeliños</i>	[P. 20]	
28 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
AL SUROESTE TEATRO S.L. _ <i>Princesas: olvidadas o desconocidas</i>	[P. 20]	
29 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
ARTESTUDIO _ <i>La vuelta al mundo en una hora</i>	[P. 41]	
30 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
BERROBAMBÁN _ <i>Bicharada</i>	[P. 37]	

CEDEIRA

OUTUBRO		
25 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	

NOVEMBRO		
15 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
LAGARTA LAGARTA _ <i>Aeroplanos</i>	[P. 20]	
22 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>A preguiza (la fiaca)</i>	[P. 20]	

CEE

OUTUBRO		
10 ás 20.30 h _Salón de Actos do Concello		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	
17 ás 20.30 h _Salón de Actos do Concello		
TEATRO DE NINGURES _ <i>Ñaque, ou de piollos e actores</i>	[P. 22]	
24 ás 20.00 h _Salón de Actos do Concello		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>A preguiza (la fiaca)</i>	[P. 20]	
31 ás 20.00 h _Salón de Actos do Concello		
MALASOMBRA _ <i>O día do pai</i>	[P. 31]	

DECEMBRO		
26 ás 18.00 h _Salón de Actos do Concello		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 42]	
28 ás 18.00 h _Salón de Actos do Concello		
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>	[P. 42]	
30 ás 18.00 h _Salón de Actos do Concello		
A XANELA DO MAXÍN _ <i>Chincha rabincha</i>	[P. 38]	

CULLEREDO

DECEMBRO	
04 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples	
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	[P. 42]
11 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples	
SARABELA TEATRO _ <i>Cósima</i>	[P. 39]
18 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples	
ARELA DAS ARTES _ <i>Arela Miúda en: O recuncho de Anabel</i>	[P. 36]

FERROL

SETEMBRO	
24, 25 e 26 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]
OUTUBRO	
03 e 04 ás 12.00 h _Centro Cultural Torrente Ballester	
GALITON _ <i>Babiliglub</i>	[P. 36]
18 ás 19.00 h _Teatro Jofre	
QUIQUE PEÓN, CÍA. _ <i>Ovay</i>	[P. 13]
30 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
TITZINA TEATRE _ <i>Exitus</i>	[P. 21]

NOVEMBRO	
06 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	[P. 31]
07 e 08 ás 12.00 h _Centro Cultural Torrente Ballester	
SAPRISTI _ <i>Vaia tormenta!</i>	[P. 48]
12 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
DLOIRA _ <i>Over The Rainbow</i>	[P. 13]
15 ás 19.00 h _Teatro Jofre	
TRÀNSIT DANSA DE MARÍA ROVIRA	
<i>Mujeres de Shakespeare</i>	[P. 09]

DECEMBRO	
05 e 06 ás 12.00 h _Centro Cultural Torrente Ballester	
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 39]
05 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
PRODUCCIONES TEATRALES CONTEMPORÁNEAS	
<i>La omisión de la familia Coleman</i>	[P. 22]
20 ás 19.00 h _Teatro Jofre	
MATARILE TEATRO _ <i>Cerrado por aburrimiento</i>	[P. 21]
26 ás 20.30 h _Teatro Jofre	
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]

MUROS

OUTUBRO	
17 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil	
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]
24 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil	
O RETRETE DE DORIAN GRAY _ <i>Rúa Aire</i>	[P. 42]

NOVEMBRO	
07 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil	
ARTESTUDIO _ <i>La vuelta al mundo en una hora</i>	[P. 41]
14 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil	
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]
28 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil	
COBOSMIKA COMPANY _ <i>Scrakeja’t</i>	[P. 20]

DECEMBRO	
12 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil	
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 42]
19 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil	
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]

NARÓN

SETEMBRO	
18 ás 20.30 h / 19 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]
26 ás 20.00 h / 27 ás 19.00 h _Pazo da Cultura	
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS	
<i>A piragua</i>	[P. 20]
OUTUBRO	
09 ás 20.30 h / 10 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	[P. 31]
17 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
LOS ULEN _ <i>Maná Maná</i>	[P. 22]
24 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
ESPELLO CÓNCAVO _ <i>Anxeliños</i>	[P. 20]
31 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
PISANDO OVOS _ <i>Tres</i>	[P. 20]

NOVEMBRO	
01 ás 18.00 h _Auditorio Municipal	
UROC TEATRO _ <i>El niño colchón</i>	[P. 40]
08 ás 18.00 h / 09 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal	
SARABELA TEATRO _ <i>Cósima</i>	[P. 39]
13 ás 20.30 h _Pazo da Cultura	
RON LALÁ _ <i>Mundo y final</i>	[P. 22]
15 ás 18.00 h _Auditorio Municipal	
LA TIRITA DE TEATRO _ <i>El Romeo y la Julieta</i>	[P. 40]
17, 18 e 19 ás 11.00 h _Auditorio Municipal	
MIROSCOPIO PERDICIÓNS _ <i>Cachai</i>	[P. 21]
21 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]
24 ás 10.00 e 12.00 h / 25 ás 10.00 h _Auditorio Municipal	
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 39]
28 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
TEATRO GALILEO _ <i>Náufragos</i>	[P. 22]
29 ás 18.00 h _Auditorio Municipal	
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp</i>	[P. 48]
30 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal	
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>	[P. 42]

DECEMBRO	
01 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal	
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Nadarín</i>	[P. 42]
05 ás 20.00 h _Pazo da Cultura	
YLLANA _ <i>Brokers</i>	[P. 21]

NOIA

OUTUBRO	
02 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela	
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]
16 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela	
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS	
<i>A piragua</i>	[P. 20]
23 ás 22.00 h _Teatro Coliseo Noela	
PRODUCCIÓN ACONTRABUTACA _ <i>Un morto moi vivo!</i>	[P. 31]

OLEIROS

SETEMBRO		
12 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS		
Historias tricolores ou de como aqueles animalíños		
proclamaron a República	[P. 22]	
OUTUBRO		
24 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
TEATRO DO ATLÁNTICO _O xogo de Yalta. Afterplay	[P. 31]	
NOVEMBRO		
07 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
BALLET CARMEN ROCHE _El patito feo	[P. 08]	
14 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _So	[P. 31]	
DECEMBRO		
19 ás 18.00 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
GALITON _Babiliglub	[P. 36]	
20 ás 18.00 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 37]	

ORTIGUEIRA

SETEMBRO		
06 ás 17.00 h _Teatro da Beneficencia		
A XANELA DO MAXÍN _Chincha rabincha	[P. 38]	
OUTUBRO		
24 ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia		
EXPRESIÓNS PRODUCCIÓNS _Imasxinarium	[P. 22]	
NOVEMBRO		
01 ás 17.00 h _Teatro da Beneficencia		
GHAZAFELHOS _Contos mariñeiros	[P. 39]	
DECEMBRO		
05 ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _So	[P. 31]	
07 ás 17.00 h _Teatro da Beneficencia		
ARELA DAS ARTES _Arela Miúda en: O recuncho de Anabel	[P. 36]	
19 ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia		
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L. _Nunca menos	[P. 31]	

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SETEMBRO		
12 e 13 ás 21.00 h _Teatro Principal		
TEATRO DE NINGURES _Bailadela da morte ditosa	[P. 21]	
13 ás 12.30 h _Arteria Noroeste		
DANTHEA TEATRO _Carapuchiña Vermella ou o Conto do Lobo	[P. 37]	
16 e 17 ás 21.00 h _Teatro Principal		
D2 _Las verdades duelen	[P. 09]	
18 ás 21.30 h / 19 e 20 ás 20.00 h _Sala Nasa		
SAPRISTI _Vaia tormenta!	[P. 48]	
27 ás 12.30 h _Arteria Noroeste		
CARAMUXO TEATRO _Zapatos	[P. 50]	
OUTUBRO		
03 ás 17.00 h / 04 ás 12.30 h / 05 e 06 ás 11.00 h _Arteria Noroeste		
HILANDO TÍTERES _El árbol mágico	[P. 40]	
10 ás 17.00 h / 11 ás 12.30 h _Arteria Noroeste		
PÁPRIKA TEATRO _Un gran festival	[P. 42]	
30 e 31 ás 21.30 h _Sala Nasa		
TEATRO ENSALLE _105 pasos o la mecánica de la carne	[P. 20]	
NOVEMBRO		
01 ás 20.00 h _Sala Nasa		
TEATRO ENSALLE _105 pasos o la mecánica de la carne	[P. 20]	
06 e 07 ás 21.30 h / 08 ás 20.00 h / 09 ás 12.00 h _Sala Nasa		
MAGRINYANA _Memoria del jardín	[P. 22]	
07 e 14 ás 20.00 h / 08 ás 21.00 h _Sala Santart		
TEATRO DO LUME _Miña benquerida filla...	[P. 22]	
08 ás 12.30 h / 09 ás 11.00 h _Arteria Noroeste		
CASA HAMLET _Ratiña linda	[P. 42]	
13 e 14 ás 21.30 h / 15 ás 20.00 h _Sala Nasa		
A FACTORÍA TEATRO _Crónicas de días enteiros, de noites enteiras	[P. 21]	
15 ás 12.30 h / 16 ás 11.00 h _Arteria Noroeste		
CARAMUXO TEATRO _Historia dunha semente	[P. 41]	
22 ás 12.30 h / 23 ás 11.00 h _Arteria Noroeste		
DANTHEA TEATRO _As aventuras de Polichinela	[P. 36]	
28 ás 20.00 h _Sala Santart		
TEATRO NU _Coa palabra na lingua, concerto en dúas linguas para dous actores e un músico	[P. 21]	
29 ás 21.00 h _Sala Santart		
DLOIRA _Over The Rainbow	[P. 13]	
DECEMBRO		
03 e 04 ás 21.00 h _Teatro Principal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _O xogo de Yalta. Afterplay	[P. 31]	
14 e 15 ás 11.00 h _Arteria Noroeste		
TALÍA TEATRO _Menos lobos	[P. 41]	
18 e 19 ás 21.00 h _Teatro Principal		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
26 e 27 ás 21.00 h _Teatro Principal		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _So	[P. 31]	

PROVINCIA DE LUGO
BURELA

OUTUBRO		
17 ás 18.00 h _Casa da Cultura		
A XANELA DO MAXÍN _Chincha rabincha	[P. 38]	
23 ás 21.30 h _Casa da Cultura		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
31 ás 18.00 h _Casa da Cultura		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 39]	

NOVEMBRO		
06 ás 21.30 h _Casa da Cultura		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _So	[P. 31]	
14 ás 18.00 h _Casa da Cultura		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 42]	
20 ás 21.30 h _Casa da Cultura		
CHÉVERE _Testosterona	[P. 31]	

FOZ

SETEMBRO		
01 ás 20.30 h _Sala Bahía		
TÍTERES TROPICALLO _Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp	[P. 48]	
04 ás 21.00 h _Sala Bahía		
COBOSMIKA COMPANY _Scrakeja’t	[P. 20]	
05 ás 20.30 h _Sala Bahía		
NOVA POESÍA _Música para a nostalxia	[P. 50]	
06 ás 20.30 h _Sala Bahía		
CLARA PANAS _Concerto lírico	[P. 50]	
12 ás 20.30 h _Sala Bahía		
JULIA CEA E GRUPO _Julia Cea e Grupo	[P. 50]	
19 ás 20.30 h _Sala Bahía		
A BANDA DA ALCAIATA CON IVÁN E JOSITO _Mundo de risa	[P. 50]	

OUTUBRO		
10 ás 20.30 h _Sala Bahía		
MIROSCOPIO PERDICIÓNs _Cachai	[P. 21]	
17 ás 18.00 h _Sala Bahía		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 39]	

NOVEMBRO		
07 ás 20.30 h _Sala Bahía		
MALASOMBRA _O día do pai	[P. 31]	
14 ás 18.00 h _Sala Bahía		
TEATRO DEL ANDAMIO _Pingueiras e tarteiras	[P. 42]	
22 ás 18.00 h _Sala Bahía		
CHELICIA, GRUPO DE VIOLONCHELOS DE COMPOSTELA		
Cuarteto de chelos	[P. 50]	

DECEMBRO		
05 ás 18.00 h _Sala Bahía		
NATS NUS DANSA _Momentari	[P. 09]	
12 ás 20.30 h _Sala Bahía		
PRODUCCIÓNs ACONTRABUTACA _Un morto moi vivo!	[P. 31]	
26 ás 18.00 h _Sala Bahía		
BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 37]	

LUGO

DECEMBRO		
22 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire		
AL SUROESTE TEATRO S.L.		
Princesas: olvidadas o desconocidas	[P. 20]	
23 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 39]	
29 ás 12.30 e 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire		
BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 37]	
30 ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire		
PALIMOCO TEATRO S.L. _Construcións Clementina, dígame?	[P. 38]	

MONFORTE DE LEMOS

OUTUBRO		
04 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
11 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
UROC TEATRO _El niño colchón	[P. 40]	
18 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
GALITON _Babiliglub	[P. 36]	
25 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
TÍTERES TROPICALLO _Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp	[P. 48]	

NOVEMBRO		
08 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 42]	
15 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 39]	
29 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
PT EXCÉNTRICAS _No Coment. Obra	[P. 22]	

DECEMBRO		
13 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
MAQUINARIA PESADA _As Vingadoras	[P. 20]	
20 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
ESPELLO CÓNCAVO _Anxeliños	[P. 20]	

RIBADEO

OUTUBRO		
04 ás 20.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
VOLTA E DÁLLE TEATRO _Pan. Catro propostas arredor da malla	[P. 31]	
11 ás 17.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
SAPRISTI _Vaia tormenta!	[P. 48]	

NOVEMBRO		
08 ás 20.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
15 ás 17.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
GHAZAFELHOS _Contos mariñeiros	[P. 39]	
22 ás 20.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
TEATRO DE NINGURES _Ñaque, ou de piollos e actores	[P. 22]	
26 ás 11.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
O RETRETE DE DORIAN GRAY _Rúa Aire	[P. 42]	

DECEMBRO		
06 ás 17.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
TÍTERES TROPICALLO _Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp	[P. 48]	
13 ás 20.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNs ESCÉNICAS		
Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a República	[P. 22]	
23 ás 17.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 42]	
30 ás 17.30 h _Auditorio Municipal Hernán Naval		
SARABELA TEATRO _Cósima	[P. 39]	

PROVINCIA DE OURENSE
O BARCO DE VALDEORRAS

SETEMBRO		
25 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TITZINA TEATRE _Exitus	[P. 21]	
OUTUBRO		
09 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO MORCEGO _Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)	[P. 22]	
30 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO ATLÁNTICO _O xogo de Yalta. Afterplay	[P. 31]	
NOVEMBRO		
13 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
LA TIRITA DE TEATRO _El Romeo y la Julieta	[P. 40]	
20 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
MAQUINARIA PESADA _As Vingadoras	[P. 20]	
DECEMBRO		
04 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
29 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
PALIMOCO TEATRO S.L. _Construcións Clementina, dígame?	[P. 38]	
30 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
O RETRETE DE DORIAN GRAY _Rúa Aire	[P. 42]	

O CARBALLIÑO

SETEMBRO		
07 ás 22.30 h _Auditorio Municipal		
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 31]	
NOVEMBRO		
13 ás 22.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _O xogo de Yalta. Afterplay	[P. 31]	
20 ás 22.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO MORCEGO _Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)	[P. 22]	
27 ás 22.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DE NINGURES _Bailadela da morte ditosa	[P. 21]	

OURENSE

SETEMBRO		
27 ás 20.00 h _Teatro Principal		
LOS ULEN _Maná Maná	[P. 22]	
OUTUBRO		
03 ás 19.00 h _Teatro Principal		
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS		
Historias tricolores ou de como aqueles animalíños proclamaron a República	[P. 22]	
04 ás 17.00 h _Teatro Principal		
UROC TEATRO _El niño colchón	[P. 40]	
NOVEMBRO		
05 ás 20.30 h / 06 ás 11.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO NOROESTE _Glass City (cidade de cristal)	[P. 21]	
12 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
RON LALÁ _Mundo y final	[P. 22]	
15 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TÍTERES TROPICALLO _Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp	[P. 48]	
21 ás 20.30 h / 22 ás 19.00 h _Teatro Principal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _O xogo de Yalta. Afterplay	[P. 31]	
22 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
GALITOOON _Babiliglub	[P. 36]	
25, 26 e 27 ás 20.30 h _Teatro Principal		
SARABELA TEATRO _Dáme veneno	[P. 21]	

DECEMBRO		
03 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
MAQUINARIA PESADA _As Vingadoras	[P. 20]	
06 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
SAPRISTI _Vaia tormenta!	[P. 48]	
06 ás 19.00 h _Teatro Principal		
PRODUCCIONES TEATRALES CONTEMPORÁNEAS		
La omisión de la familia Coleman	[P. 22]	
10 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
TITZINA TEATRE _Exitus	[P. 21]	
11 e 12 ás 20.30 h / 13 ás 19.00 h _Teatro Principal		
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 31]	
13 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
MARIE DE JONGH _Por qué lloras, Marie?	[P. 42]	
17 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
PT EXCÉNTRICAS _No Coment. Obra	[P. 22]	
27 ás 17.00 h _Teatro Principal		
LA TIRITA DE TEATRO _El Romeo y la Julieta	[P. 40]	
27 ás 19.00 h _Auditorio Municipal		
PALIMOCO TEATRO S.L. _Construcións Clementina, dígame?	[P. 38]	
28 ás 17.00 h _Teatro Principal		
ARTESTUDIO _La vuelta al mundo en una hora	[P. 41]	
29 ás 19.00 h _Teatro Principal		
O RETRETE DE DORIAN GRAY _Rúa Aire	[P. 42]	
30 ás 17.00 h _Teatro Principal		
ENTREMANS _Concerto desconcerto	[P. 08]	

RIBADAVIA

SETEMBRO		
12 ás 20.00 h _Casa da Cultura		
TÍTERES TROPICALLO _Nadarín	[P. 42]	
OUTUBRO		
31 ás 20.00 h _Casa da Cultura		
A XANELA DO MAXÍN _Chincha rabincha	[P. 38]	
DECEMBRO		
19 ás 19.00 h _Casa da Cultura		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 42]	

PROVINCIA DE PONTEVEDRA
A ESTRADA

OUTUBRO		
10 ás 18.30 h _Teatro Principal		
TÍTERES TROPICALLO _ <i>Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp</i>	[P. 48]	
24 ás 18.30 h _Teatro Principal		
GALITOOON _ <i>Babiliglub</i>	[P. 36]	
31 ás 18.30 h _Teatro Principal		
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 39]	

CAMBADOS

OUTUBRO		
25 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude		
LAGARTA LAGARTA _ <i>Aeroplanos</i>	[P. 20]	
NOVEMBRO		
01 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>A preguiza (la fiaca)</i>	[P. 20]	
22 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude		
EXPRESIÓNs PRODUCCIÓNs _ <i>Imasxinarium</i>	[P. 22]	
29 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude		
ARELA DAS ARTES _ <i>69</i>	[P. 20]	

CANGAS DE MORRAZO

OUTUBRO		
17 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
MARCO GONZÁLEZ TANGO ARGENTINO _ <i>Al sur del Sur</i>	[P. 08]	
NOVEMBRO		
06, 07, 09 e 12 ás 21.00 h / 08 ás 20.00 h		
10 e 11 ás 11.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DE NINGURES _ <i>Atra Bile</i>	[P. 20]	
14 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
21 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>A preguiza (la fiaca)</i>	[P. 20]	
28 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	[P. 31]	
DECEMBRO		
04 ás 11.30 e 21.00 h / 05 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DE NINGURES _ <i>Ñaque, ou de piollos e actores</i>	[P. 22]	
22 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
SARABELA TEATRO _ <i>Cósima</i>	[P. 39]	
23 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
BERROBAMBÁN _ <i>Bicharada</i>	[P. 37]	
29 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
AL SUROESTE TEATRO S.L.		
<i>Princesas: olvidadas o desconocidas</i>	[P. 20]	
30 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
LA TIRITA DE TEATRO _ <i>El Romeo y la Julieta</i>	[P. 40]	

GONDOMAR

NOVEMBRO		
07 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
MAGO VITUCO _ <i>Mago Vituco & Jessica</i>	[P. 50]	
14 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
MAGO ROMARÍS _ <i>Estrelas da maxía</i>	[P. 50]	
21 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
KIKO PASTUR (ILUSIONISTA) _ <i>Somorgujo</i>	[P. 50]	
28 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
MARTÍN CAMIÑA _ <i>Feitizo</i>	[P. 50]	
DECEMBRO		
05 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
CÁNDIDO PAZÓ. ABRAPALABRA CREACIÓNs ESCÉNICAS		
<i>Historias tricolores ou de como aqueles animalaliños proclamaron a República</i>	[P. 22]	
12 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
TEATRO DE NINGURES _ <i>Atra Bile</i>	[P. 20]	
19 ás 22.30 h _Auditorio Municipal Lois Tobío		
PRODUCCIÓNs ACONTRABUTACA _ <i>Un morto moi vivo!</i>	[P. 31]	

LALÍN

OUTUBRO		
09 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]	
30 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro		
EXPRESIÓNs PRODUCCIÓNs _ <i>Imasxinarium</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
20 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro		
FULANO, MENGANO E CITANO, S.L. _ <i>Nunca menos</i>	[P. 31]	

PONTEVEDRA

OUTUBRO		
16 ás 21.00 h _Teatro Principal		
VOLTA E DÁLLE TEATRO _ <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i>	[P. 31]	
22 ás 21.00 h / 23 ás 11.30 h _Auditorio M. Pazo da Cultura		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
05 ás 11.30 e 21.00 h _Teatro Principal		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]	
19 ás 11.30 e 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura		
TEATRO GALILEO _ <i>Náufragos</i>	[P. 22]	
26 ás 21.00 h _Teatro Principal		
EXPRESIÓNs PRODUCCIÓNs _ <i>Imasxinarium</i>	[P. 22]	

REDONDELA

OUTUBRO		
17 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira		
ENSEMBLE VIGO 430 _ <i>As Catro Estaciõns de Vivaldi</i>	[P. 50]	
24 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira		
CHELICIA, GRUPO DE VIOLONCHELOS DE COMPOSTELA		
<i>Cuarteto de chelos</i>	[P. 50]	
31 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira		
MONDELLO QUARTET _ <i>Cuartetos de corda de Mozart</i>	[P. 50]	
DECEMBRO		
26 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	[P. 42]	
29 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira		
SARABELA TEATRO _ <i>Cósima</i>	[P. 39]	
30 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 42]	

SANXENXO

SETEMBRO		
26 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
ARELA DAS ARTES _ <i>69</i>	[P. 20]	
OUTUBRO		
17 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
EXPRESIÓNs PRODUCCIÓNs _ <i>Imasxinarium</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
07 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
PRODUCCIÓNs ACONTRABUTACA _ <i>Un morto moi vivo!</i>	[P. 31]	
28 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	

TUI

OUTUBRO		
09 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 39]	
16 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
ABADA TEATRO - CARLOS BLANCO _ <i>So</i>	[P. 31]	
23 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Violeta Coletas contra As Salchichas Gulp</i>	[P. 48]	
NOVEMBRO		
06 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
NATS NUS DANSA _ <i>Momentari</i>	[P. 09]	
13 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
DECEMBRO		
06 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica		
YLLANA _ <i>Brokers</i>	[P. 21]	

VIGO

SETEMBRO		
18 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Kvetch (unha comedia americana sobre a ansiedade)</i>	[P. 22]	
25 e 26 ás 22.00 h / 27 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
BRANCA NOVONEYRA _ <i>Nexus6</i>	[P. 13]	
OUTUBRO		
01, 02 e 03 ás 21.00 h / 04 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
TEATRO CÍRCULO _ <i>La lección</i>	[P. 22]	
08, 09 e 10 ás 21.00 h / 11 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
A INTERNACIONAL TEATRO _ <i>Frida</i>	[P. 21]	
15, 16 e 17 ás 21.00 h / 18 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
TEATRO DO LUME _ <i>Vaguedás</i>	[P. 31]	
17 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>O xogo de Yalta. Afterplay</i>	[P. 31]	
22, 23 e 24 ás 21.00 h / 25 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
CASA HAMLET _ <i>Nocturno Poe</i>	[P. 31]	
23 e 24 ás 22.00 h / 25 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
MAGRINYANA _ <i>Memoria del jardín</i>	[P. 22]	
29, 30 e 31 ás 21.00 h _Teatro Arte Livre		
O'AR TEATRO _ <i>Pedro y/e o capitán</i>	[P. 31]	
NOVEMBRO		
01 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
O'AR TEATRO _ <i>Pedro y/e o capitán</i>	[P. 31]	
06 e 07 ás 22.00 h / 08 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
PISANDO OVOS _ <i>Tres</i>	[P. 20]	
07 ás 21.00 h / 08 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
COMPAÑÍA FEMME FATALE _ <i>Cabarénrise (sen banda)</i>	[P. 21]	
14 ás 21.00 h / 15 ás 20.00 h _Teatro Arte Livre		
INTERMISSION DÚO DE PERCUSIÓN _ <i>Renovable</i>	[P. 20]	
29 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
DECEMBRO		
03 e 06 ás 21.00 h / 04 e 05 ás 22.00 h _Teatro Ensalle		
PISANDO OVOS _ <i>Tres</i>	[P. 20]	
04 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 31]	

VILAGARCÍA DE AROUSA

OUTUBRO		
16 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
LOS ULEN _ <i>Maná Maná</i>	[P. 22]	
30 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DE NINGURES _ <i>Bailadela da morte ditosa</i>	[P. 21]	
NOVEMBRO		
06 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
PT EXCÉNTRICAS _ <i>No Coment. Obra</i>	[P. 22]	
13 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
SARABELA TEATRO _ <i>Dáme veneno</i>	[P. 21]	
20 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Glass City (cidade de cristal)</i>	[P. 21]	
27 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
VOLTA E DÁLLE TEATRO _ <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i>	[P. 31]	





NOCTURNO POE

Casa Hamlet

Autores: E. Allan Poe, Xesús Písón / Dirección: Manuel Lourenzo e Santiago Fernández / Elenco: Manuel Lourenzo, Santiago Fernández, Gloria Rico e Brandán Lourenzo Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A ruína da Casa Usher. Reclamado polo propietario, un viaxeiro chega ao dominio, onde coñecerá a decadencia e a ruína inevitable dunha caste e dun vello edificio. O corazón do delator. O corazón da vítima delata o asasino. O cuarto de Ofelia. Tras a morte de Hamlet e a entrada de Fortinbrás en Elsinor, a nai de Ofelia busca entre os cascallos a pegada da súa filla.

+ info. en: <http://blogdecasahamlet.blogspot.com>



NUNCA MENOS

Fulano, Mengano e Citano

Autores: Manuel Pombal e Manuel Botana Dirección: Fulano, Mengano e Citano / Elenco: Manuel Pombal, Manuel Botana e Suso Pando / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nunca menos é un percorrido en clave de humor ácido e “autonómico” pola historia de Galicia: desde os castrexos, romanos, suevos ou normandos, ata as loitas tribais nas beiras das fragas entre Touriños, Quintanas e Feijoos. *Nunca menos* lévamos por todos eses períodos de luz e de sombras, ás veces de apagón total, que fixeron de nós o que hoxe somos.

+info. en: www.fulanomenganocitano.com



O DÍA DO PAI

Malasombra

Autoría: Gabriel Olivares e Ana Graciani Dirección: Marcos Orsi / Elenco: Pablo Alvarado, Alberto Rolán, Jouse García e Xoque Carbajal / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Delirante comedia que o seu autor cualifica de *western* clínico... Tres homes loitando por unha selección natural nunha clínica de reprodución asistida. Por que os homes queren ser pais? Descubriremolo en 80 minutos de risas!



O SEGREDO DOS HOFFMAN

Lagarta Lagarta

Autores: Roberto Salgueiro e Alejandro Palomas Dirección: Rosa Álvarez / Elenco: Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero Xénero: Teatro adultos/Comedia

Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnense con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus records, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debulla unha historia intensa e envolvente. O espectáculo está baseado na novela de Alejandro Palomas, finalista do Premio Torrevieja 2008.



O XOGO DE YALTA. AFTER PLAY

Teatro do Atlántico

Autor: Brian Friel / Dirección: Xúlio Lago / Elenco: Xavier Constenla, Damián Contreras, Victoria Pérez, María Barcala e Gonzalo M. Uriarte / Xénero: Teatro adultos/Comedia

A vida e as súas voltas... Unha volta máis: Dúas parellas, home e muller, home e muller. Unha composta por xentes ricas, ociosas e adúlteras en lugar e tempo de lecer, xogando a namorar. O verán, a luz, o sol... a música que o envolve todo, o champaña coas súas burbullas... e un can. A outra parella, en complicada situación económica e afectiva, o frío invernal en Moscova, a ausencia de luz, e a música, sempre a música... que devén en silencio. E o vodka, compañeiro fiel. Época: 1900 (mais como se fose hoxe). Dous lugares, dúas estacións, diferentes estados anímicos, pero sempre as paixóns conformando a vida e enchéndoa de risas e de bágoas.



PAN. CATRO PROPOSTAS

ARREDOR DA MALLA

Volta e Dálle Teatro

Autoría: Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade e X. H. Rivadulla Corcón / Dirección: Nazaret López, Carlos Santiago, Lucho Penabade, X. H. Rivadulla Corcón Elenco: Comba Campoy, María Lado, Pepe Penabade, Alfonso Romeo, Luís Iglesia, Mini e Mero Xénero: Teatro adultos/Outros

O pan xa non se amasa na arteza, senón en factorías deshumanizadas, nin vén do trigo mallado na eira, senón de fariñas industriais. Estes cambios supoñen a transformación da nosa sociedade tradicionalmente agraria nunha globalizada. A desaparición do labor da malla simboliza eses cambios e inspira as catro historias que conforman *Pan: A sementeira, A sega, A malla e O pan*.

+ info. en: www.voltaedalle.com



PEDRO Y/E O CAPITÁN

O’ar Teatro

Autor: Mario Benedetti / Dirección: Alejandro Albaiceta Elenco: Xosé Eirín e Luis Vivanco / Xénero: Teatro adultos/Drama

Escrita por Mario Benedetti en 1979 coa represión das ditaduras sudamericanas como pano de fondo, a obra preséntanos dous homes como representantes dunha sociedade dividida segundo os puntos de vista políticos, que levan á total incomunicación. O texto amósanos ata onde somos capaces de chegar por preservar as nosas pertenzas, pero ao tempo tamén é unha obra sobre a dignidade, a autoestima, a lealdade, a honra, a integridade e o respecto.

+ info. en: <http://oarteatro.blogspot.com/>



SO

Abada Teatro - Carlos Blanco

Autor: Carlos Blanco / Dirección: Carlos Blanco Elenco: Carlos Blanco / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Só? Si. Só. / De jazz, feito coa palabra, coa luz. De humor, feito á man, artesán, unha arte-sá. A da risa. / Nun escenario, só, un cómico fala. / Carlos Blanco, centos e centos de actuacións, de risas, milleiros de gargalladas provocadas. / Só. Porque así nacemos e así morremos. / SOS. Porque o galego é a única lingua na que a soidade colectiva se representa cun sinal de socorro. / Sós, como en Manoel Antonio... / Só. E non é pouco. / O riso, a comedia, a vida vista cun toque de enxeño. / Só iso. / Só. / Apenas.

+ info. en: www.abada.es



TESTOSTERONA

Chévere

Autoría: Grupo Chévere / Dirección: Xron Elenco: Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro “Pajarito” Xénero: Teatro adultos/Outros

Obra que cuestiona a división normativa da sociedade en dous sexos e propón a posibilidade dun xénero de código aberto, *copyleft*, modificable e flexible. Ciencia, hormonas, leis, armarios, tecnoloxía, educación, natureza, industria, cultura, capital, *rock’ n’ roll*, política..., todo se confabula para artellar esta peculiar ditadura de xénero que nos domina. *Testosterona* é un exorcismo emancipatorio e teatral que se serve tanto da música en directo, a *performance*, o transformismo, a comedia, o naturalismo ou o vídeo, como do silencio, a pouca luz ou a simple blasfemia.

+ info. en: www.grupochevere.eu



UN MORTO MOI VIVO!

Produccións Acontrabutaca

Autor: Xosé Lueiro / Dirección: Xosé Lueiro Elenco: Isí, Dorotea Bárcena, Chelo do Rejo e Toño Pena Xénero: Teatro adultos/Comedia

Disque a cobiza rachou o saco. E probablemente sexa certo. Polo si e polo non, cando, antes de morrer, Patricio organiza en compañía da súa muller todos os pormenores do seu enterro, pasa un pequeno detallíño por alto: revelarlle o lugar onde ten agochada a arca dos cartos, os aforros de toda unha vida. Tras a “aparente” morte do patriarca, familia, veciños e demais mangantes inician unha aloucada carreira por evitar que o cadáver marche cos cartos para a tumba. A consecución dos seus propósitos pasa por darlle cumprimento a unha das últimas vontades do defunto: chantarlle ao cadaleito catro craviños de prata.

+ info. en: www.culturactiva.org



VAGUEDÁS

Teatro do Lume

Autora: Lina Pérez / Dirección: Lina Pérez / Elenco: Eva Souto e Lina Pérez / Xénero: Teatro adulto/Drama

Vaguedás saca á luz as palabras soterradas de Rosalía de Castro, amosa o oculto, réndelle unha homenaxe á poeta na súa totalidade, considera a súa dor como algo máis que simple queixa, o seu pranto algo máis que pranto inútil. Rosalía, na súa gorida atemporal, que non é outra que un cabanón abandonado, agarda a alguén que escoite e entenda as súas palabras. Neste cabanón entra a pasar a noite unha muller que foxe da súa casa. Para ben ou para mal, estas dúas mulleres, de diferente condición cultural e social, comezan unha relación na que teñen moito que dar e que recibir... e non é ata que conseguen espir os seus sentimentos, cando comezará a entenderse.



A HISTORIA MÁIS PRODIGIOSA

Tirititempo

Autor: Mario Tomás López / Dirección: Mario Tomás López / Elenco: Lidia Clúa, Brais G. Ríos e Mario Tomás López / Xénero: Teatro infantil/Monirreques

Pelusa e Marioneto atópanse despois de moito tempo. Xuntos rescatan do baúl dos seus records a historia do pequeno Xoaniño, que deseguido lle contan ao público, iso si, axudados pola música. A curiosidade do pequeno protagonista axudarlle a superar unhas probas que ninguén, nin tan sequera os seus irmáns maiores, conseguiron superar. Unha historia que recupera a maxia como elemento cotiá e onde a recompensa resulta ser curiosa.

HAI 20 ANOS QUE ANXELA G. ABALO E GUSTAVO PERNAS TRANSFORMARON AS SÚAS INQUIETUDES E CRITERIOS COMPARTIDOS NUNHA COMPAÑÍA DE TEATRO PROPIA, ANCORA PRODUCCIÓN. DAQUELA BOTARON A ANDAR POLAS FRONTEIRAS ENTRE O TEATRO E A VIDA, ENTRE O PÚBLICO E A ESCENA, ENTRE O HUMORÍSTICO E O PATÉTICO. CO BISTURÍ NUNHA MAN E UN SORRISO NA BOCA, ANCORA DISECCIONA A NOSA SOCIEDADE PARA SACAR Á LUZ AS VÍSCERAS MÁIS ESCURAS DOS ESPECTADORES. NESTE OUTONO VOLVEN METER O DEDO NO OLLO DO NOSO TEMPO CUNHA NOVA PEZA: *COLGADOS*.

O TEATRO DENTRO DA VIDA



A vida actual, presente, é a materia que enche desde hai dúas décadas o teatro de Ancora Produccións. O teatro enche á súa vez a vida da casa que nos lindes de Arteixo e A Coruña comparten Anxela G. Abalo e Gustavo Pernas Cora, os seus fundadores. Desde a galería vese o pano formado por unha mancha verde de castiñeiros e nogueiras. “Aquel de alí ten os mesmos anos que a compañía”, explica a metade “An-”. Ao seu lado asente a outra parte, a metade “-cora”.

O teatro ás veces entra con moita forza na vida. Na peza “Avespas en febreiro”, de *Medidas preventivas*, tres personaxes eran atacados por un enxame destes insectos mentres facían cola para entrar en Estados Unidos. Meses despois, Anxela e Gustavo víanse gardando unha cola similar no aeroporto de Miami, e, ao chegar o verán, centos de avespas instaláronse na cheminea e comezaron a pasear por toda a casa. É unha anécdota pero tamén unha proba de que o teatro, ás veces, entra na vida cotiá coa forza máis insospeitada.

Con esa forza quere o teatro de Ancora Produccións penetrar no presente. Era así hai vinte anos e segue a selo agora. “A compañía naceu pola necesidade de comunicar e porque nos gusta remover nas cuestións que nos afectan aos seres humanos hoxe en día”, di Anxela (así, sen til no A, igual que Ancora). Gustavo sinala que os activou o factor lúdico: “xogar, transgredir e compartir”. Motivacións que comparten ata hoxe, adaptándose ao momento no que presentan cada nova peza. “As nosas obras varían na medida en que varía a sociedade. Cada espectáculo abre a boca e pide o que está aí fóra”.

E agora aí fóra hai moitas cousas, entre elas a crise económica, a sociedade do espectáculo, o revisionismo pseudohistórico. Para falar destes e doutros temas, Ancora

“As nosas obras varían na medida en que varía a sociedade. Cada espectáculo abre a boca e pide o que está aí fóra”

presentará este outono unha nova obra. A finais de setembro estrearáse en Culleredo *Colgados*, un monólogo para tempos de crise no que o protagonista se ofrece a colgarse literalmente polos demais. Tes problemas familiares, económicos, amorosos?, el colgarase por ti. Pernas concibe este ofrecemento como “unha especie de catarse íntima, un acto de transferencia, como o que ocorre no teatro”. É o primeiro dunha serie de *logomonos* nos que está traballando e que aspiran a distribuír por todo tipo de espazos, máis alá de teatros e auditorios. “Son monólogos de involución, porque na nosa sociedade parece que imos involucionando cara aos nosos antepasados, os monos”.

Humor crítico

Outro traballo que xa están comezando a preparar levará por título *Concurso Levi*. A universidade organiza un congreso no que tres expertos expoñen as súas versións do suposto suicidio de Primo Levi en 1987. Conducida por unha presentadora televisiva, a cita académica muda nun *reality show* no que se agarda que o público escolla a *mellor* versión da morte de Levi. De novo o teatro dentro do teatro e o recurso ao humor para presentar “unha sociedade que todo o banaliza e que todo quere converter en espectáculo”, sinala Pernas Cora.

Unha e outra peza son unha mostra da promiscuidade creativa coa que traballan Abalo e Pernas. En *Colgados* a interpretación é de Gustavo e a dirección de Anxela. En *Concurso Levi* inverteranse os papeis, e Pernas dirixirá a Anxela Abalo, Fernando Morán, Vicente de Souza, Xabier Deive, Branca Cendán, Estíbaliz Veiga e Xosé Bonome, ademais dos músicos Carlos Ariel e Suso Alonso, que interpretarán as composicións de Paulino Pereiro.

O cerne, o texto, é en ambos os casos de Gustavo Pernas. De novo emprega o humor como porta de entrada a unha rea-

RO

20

ANOS DE

ANCORA PRODUCCIÓNS



Gustavo Pernas Cora
visto por Anxela G. Abalo:

“Valoro especialmente a súa honestedade á hora de enfrontarse ao traballo. Ademais de ser unha persoa moi divertida, é seguro máis determinado ca min. Gustavo é imprescindible para Ancora, porque son os seus textos os que está poñendo en pé a compañía. Cando empezas a traballar calquera texto de Gustavo, vas vendo como ao afondar nel te leva por mundos tan ricos e diversos, significativos e recoñecibles... Ao pouco que raspas no teu contorno ves que está a facer un retrato desta sociedade. E faíno con valentía, seguridade e brillantez”.

lidade nos límites do absurdo, da que o espectador se pode sentir partícipe: “Buscamos a risa que pode saír de certo patetismo, que o espectador tome conciencia de que iso tamén lle ocorre a el e que polo tanto se está a rir de si mesmo”, explica Gustavo. “Unha característica do teatro de Ancora é a complexidade. Intentamos que calquera espectador poida facer unha lectura máis sinxela ou máis profunda e que lle tire proveito en calquera caso. É esencial entreter e divertir sen reducir o teatro a algo simplista”.

En 1990 Ancora estreou a súa primeira obra, *O galego, a mulata e o negro*, unha peza de humor branco para romper con certo tenebrismo que percibían no teatro galego daquel momento. “A nosa linguaxe é agora máis depurada, pero seguimos investigando sobre a linguaxe e o espazo teatral”, sostén Gustavo Pernas. Son dúas décadas defendendo un proxecto artístico e estético propio desde a súa independencia como creadores. “Mantemos un discurso: o teatro hai que facelo a escala humana”, di Abalo. Pernas ratifica: “O teatro debe ser un lugar de encontro onde poder espertarlle ao cidadán cousas latentes no seu interior. Se o teatro perde esa posibilidade, non ten sentido”.

A ducia de proxectos na bagaxe de Ancora, a maior parte deles con texto de Gustavo Pernas, traducíronse nun bo número

“Intentamos que calquera espectador poida facer unha lectura máis sinxela ou máis profunda e que lle tire proveito en calquera caso. É esencial entreter e divertir sen reducir o teatro a algo simplista”

Anxela G. Abalo
vista por Gustavo Pernas Cora:

“Anxela é capaz de subverter e á vez ser moi lúdica, ingredientes fundamentais para a creación. Desprega a súa enerxía creativa en facetas múltiples: actuación, dirección, figurinismo, produción, capacidade de comunicar... Ten unha perseveranza e unha vitalidade abraiantes, coas que achegou a Ancora Producións forza, enerxía e constancia para manter o pulso durante vinte anos. A súa capacidade para dar corpo ao insubstancial e poñerlle chan debaixo á compañía fan que poida dicir que sen Anxela non existiría Ancora”.

de premios e recoñecementos. Este tempo de teatro permitiulles tamén ter compañeiros de viaxe sobre o escenario como Luísa Merelas, Miguel Pernas, Elina Luaces, Lino Braxe ou Paulo Serantes, e contar co traballo artístico de Suso Montero, Kukas, Pako de Pink, Baltasar Patiño, Miguel Soto, Bernardo Martínez, Nani García ou Siro López, autor do cartel de *Colgados*.

“Estes vinte anos son resultado dun camiño soñado e andado e de moito traballo. Manter a ilusión é complicado, pero conséguese con enerxía e vitalidade”, sinala Gustavo Pernas. “A pregunta que nos facemos sempre de forma implícita é: que queres ver? Preguntamos polo papel que ten o espectador dentro do teatro. Nese sentido, Ancora Producións fai un teatro fronteirizo, traballando na liña da cuarta parede para ver ata que punto non estamos atravesando a separación entre a escena e o público”.

Os temas recorrentes no teatro de Pernas e Abalo apuntan a manterse vigorosos no futuro: a incomunicación en tempos de hipercomunicación, as formas implícitas de violencia, o control social, a hipocrísia, a desconfianza cara ao estraño... seguirá Ancora no futuro poñendo os espectadores diante dos seus medos? A Anxela G. Abalo gústalle pensar que a compañía se mexe coma un xunco ao vento: “Empeñámonos en que as cousas teñen que ser sólidas. O futuro? *Sei lá!*”.

“O teatro debe ser un lugar de encontro onde poder espertarlle ao cidadán cousas latentes no seu interior. Se o teatro perde esa posibilidade, non ten sentido”





ARELA MIÚDA EN: O RECUNCHO DE ANABEL
Arela das Artes

Autora: Charo Pita / Dirección: Charo Pita
Elenco: Marta Pérez e Diana Mera / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Bel perdeu o seu can Sultán. A Ana esvaeceúselles a súa planta Anastasia. Todo aconteceu á vez dun xeito enigmático e inexplicable. Ambas as dúas son moi diferentes, pero, unidas polo azar, comezan a traballar xuntas co fin de descubrir a causa da misteriosa desaparición das súas mascotas, sen se decataren de que a busca que inician é a un tempo unha forma de resolver a intriga e un extraño camiño para construír entre elas unha verdadeira amizade.



AS AVENTURAS DE POLICHINELA
Danthea Teatro

Autor: Anónimo / Dirección: Carlos Clemente
Elenco: Carlos Clemente, Vicente Roura, Tabo, Borxa, Llou / Xénero: Teatro infantil/Monireques

Polichinela e Pierrot son dous amigos de trasnadas que deciden entrar na casa do bruxo para apropiarse da pota máxica, crendo que esta converte as cousas en ouro. Unha vez dentro, atópanse cunha galiña negra que lles vai cambiar a sorte; o problema é que non sabemos se a sorte é boa ou mala... Non deberíamos tentar a sorte, pois esta é caprichosa e un sortilexio pode converternos no que realmente somos e non queremos ser.



BABILIGLUB
Galitoon

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer e Santiago Alonso / Elenco: Óscar Ferreira, Rogelio Lema e Xurxo Cortázar / Xénero: Teatro infantil/Monireques

A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo intentará integrarse na vida cotiá das profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos; ben, de todos non: a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras procurando ser aceptados polo resto.

+info. en: www.galitoon.com

20 ANOS DE
ANCORA PRODUCCIONES

ANCORA EN 5 ACTOS

De entre a ducia de espectáculos que produciu Ancora, escollemos cinco pezas, cinco actos desta longa representación de dúas décadas:

1º ACTO

O galego, a mulata e o negro (1990)

Para a súa primeira produción, Ancora apostou pola comedia histórica como vía para darlle un aire fresco ao panorama teatral galego. Gustavo Pernas escribiuna e dirixiuna, e tamén actuou xunto a Anxela G. Abalo e Miguel Pernas. Tres personaxes que levan o espectador de viaxe por un século de historia cubana. “Aínda nola piden”, di Pernas Cora. “Nesta obra tócanse Cuba e Galicia. É festa, xogo, cor, *bonheur de vivre*, como no cadro de Matisse”. En 1991 recibiu o Premio Compostela ao Mellor Texto Dramático.

2º ACTO

Fábula (1997)

A “comedia nun só acto... sexual” foi a segunda da triloxía de “Comedias paranoicas”, logo de *Ladraremos* e antes de *Anatomía dun hipocondríaco*. Abalo e Pernas interpretaban unha muller e un home descubertos polos espectadores teatrais en pleno acto. O papel do público, a ironía, os equívocos... esta peza amosa moitas das constantes fronteirizas que Ancora emprega para escarvar nas miserias da sociedade. “Moi divertida, amosaba as dúas caras da mesma moeda”, di Anxela. “*Fábula* é a crítica ao poder e o xogo dos sexos”, explica Gustavo. Foi candidata en seis apartados dos Premios María Casares.





3º ACTO

Footing (2001)

Gustavo Pernas preguntábase por que corre a xente dun lado a outro do paseo marítimo da Coruña, e como resposta escribiu esta obra que obtivo o X Premio Rafael Dieste. “Nesta peza faciamos un uso audaz das novas tecnoloxías. A linguaxe entraba no poético, rozaba o absurdo, pero non perdía pé coa realidade”, sinala Pernas. Nos pensamentos de tres homes e unha muller que corren descubrimos que o fan para fuxir deles mesmos. Anxela G. Abalo: “*Footing* constrúe un discurso a través dos monólogos interiores para falar da soidade e a incomunicación”.

4º ACTO

Final de película (2006)

Ancora volve esfarelar a fronteira co público. Como nun espello, os espectadores atopábanse tras o pano co patio de butacas dun cine no que outros cinco espectadores contemplaban unha película. “No teatro gústame facer como o entomólogo, que mete os insectos nunha caixa para ver como se comportan encerrados”, di Gustavo. “Son os personaxes contra o espello da hipocrísia”, sinala Anxela. A obra logrou o XII Premio Rafael Dieste e permitiulle a Gustavo Pernas facerse *ex aequo* co seu segundo Premio Max ao mellor autor en galego, logo do que gañara dous anos antes con *Paso de cebra*.

5º ACTO

Medidas preventivas (2007)

A fórmula humor + patetismo sérvelle de novo a Ancora para achegarse a unha sociedade de cidadáns que se senten baixo sospeita. Así son os quince personaxes que interpretan Anxela G. Abalo, Xosé Bonome e Vicente de Souza nestas cinco pezas breves escritas e dirixidas por Gustavo Pernas. Reflexións entre o absurdo, o sarcasmo e a poética sobre “como os gobernos che venden seguridade a custa da túa liberdade”, cavila Pernas: “Prométenche protección e vénchenche submisión”. A AELG recoñeceu o texto como Mellor Libro de Teatro de 2007.



BICHARADA

Berrobambán Teatro

Autoría: Berrobambán / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira e Anabell Gago / Xénero: Teatro infantil/Outros

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Ata que un día aparece un animal misterioso... Un escaravello! Desde a primeira luz, o público –nenas e nenos, grandes e pequenos– entra no mundo de *Bicharada*, gozando e sentindo unha historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

+info. en: www.berrobamban.com



CARAPUCHIÑA VERMELLA OU O CONTO DO LOBO

Danthea Teatro

Autores: Carlos Clemente Martínez Gallego e Anxo Rodríguez / Dirección: Carlos Clemente Martínez Gallego
Elenco: Carlos Clemente Martínez Gallego e Anxo Rodríguez / Xénero: Teatro infantil/Monincreques

Dúas versións do mesmo conto, porque cadaquén narra o conto como lle vai na feira. Un avó, moi vello e encollido, e o seu neto relambido queren contar o conto a un tempo; acordan que o neto leve o fio e o avó lle axude só cando o rapaz se atranque. Pero o avó apaixónase e chochea a partes iguais, e ambos os dous fan unha lea de moita tea, coa Carapuchiña... Vermella? E para rematar, o Lobo, farto da súa mala prensa, quere dar a súa versión da historia. Un contacontos, un monincreque, un toque de papiroflexia e moito humor, co público dentro do conto.



CARLOTA E MARIETA DAN A VOLTA AO PLANETA

A Loca-Motora

Autor: Xulio Verne
Dirección: A Loca-Motora / Elenco: Eva Vila e Zezilia Meléndrez Fassbender / Xénero: Teatro Infantil/Outros

Imaxina que atopas na casa unha misteriosa caixa que di: “Quen abra esta caixa terá que dar a volta ao mundo en 80 días, nin un día máis...” Que farías ti? Esta montaxe de pequeno formato recrease na ilusión de viaxar, de coñecer outras terras, outras culturas e outras xentes, a partir da novela *A volta ao mundo en oitenta días*, de Xulio Verne. Un espectáculo no que a imaxinación e a fantasía se mesturan co humor e a ventura, e no que non falta a musicalidade, a xestualidade e a participación do público.

+ info. en: www.alocamotora.com



CATALINA Y LOS BOSQUES DE HORMIGÓN
La Vereda Teatro

Autoría: David Acera e Ana Laura Barros
Dirección: La Vereda Teatro / Elenco: David Acera e Ana Laura Barros / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Catalina é unha nena que vive na súa vila de Valdemimbre e, como todos os días, axúdalle á súa nai nas tarefas da horta. Pero un día chega a Valdemimbre “o progreso?”. Un construtor con poucos escrúpulos fará todo o posible por destruír o bosque e construír alí unha urbanización. Catalina tratará de impedilo visitando diferentes autoridades, aínda que serán os seus veciños os que realmente lle axudarán. Unha historia de actores e monicreques onde a participación das nenas e dos nenos é decisiva para a resolución do conflito.

+ info. en: www.laveredateatro.com



CHINCHA RABINCHA
A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nesta obra veremos como se entrelazan as vidas dun pallaso paroleiro, dun bruxo pintor de sonhos e dun vergonzoso cativo para dar fin aos pesadelos que atormentan os/as nenos/as pola noite. Personaxes entrañables que encarnan a inocencia, a sabedoría e a bondade, e que teñen moito que aprender os uns dos outros para, unidos, rematar cos medos e, así, facer desaparecer os pesadelos.

+info. en: www.axaneladomaxin.com



CONSTRUCCIÓNS CLEMENTINA, DÍGAME?
Palimoco Teatro

Autora: Paloma Lugilde Rodríguez / Dirección: Paloma Lugilde Rodríguez / Elenco: Alberte Viveiro, Alba Fernández e Iria Otero / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

A historia de Clementina é a historia dunha persoa maior, que ten unha casa que xa non consegue pagar... Un día chega a temida carta de desaloxo, data límite o 24 de Nadal. O corazón de Clementina rompe de dor, pero nese preciso intre, nesa precisa milésima de segundo, o seu corazón cae nas mans do Home das Apertas e dos cráteres que a acompañarán na súa viaxe á lúa... O seu derradeiro soño? Na lúa agardan por ela a Nena do Ollo Pecho, a Nena das Arestas e alguén moi especial, o seu compañeiro Sigfrido.

+ info. en: www.palimoco.com

EMOCIÓNIS

O RETRETE DE DORIAN GRAY PRESENTA ‘RÚA AIRE’

EXPECTACIÓN, SOBRESALTOS E SORRISOS CONTIDOS QUE ACABAN POR ESTOUPAR EN IRREMEDIABLES GARGALLADAS. ÉSTAS SON, ENTRE OUTRAS, AS REACCIÓNS QUE PROVOCAN AS HISTORIAS DE SUSPENSE PARA TODOS OS PÚBLICOS DE *RÚA AIRE*, A TERCEIRA PROPOSTA DE O RETRETE DE DORIAN GRAY QUE SE PRESENTA NA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS COMO “O PRIMEIRO ESPECTÁCULO DE MARIONETAS FEITAS CON GLOBOS”. UNHA MONTAXE NA QUE, ADEMAIS, A COMPAÑÍA DERRUBA CON GRANDE ORIXINALIDADE MOITOS DOS TÓPICOS E PREXUIZOS ASOCIADOS TANTO Á GLOBOFLEXIA COMO AO TEATRO DE MONICREQUES.



NUN SODRO



Marcos “PTT” Carballido e Ezra Moreno, fundadores e integrantes de O Retrete de Dorian Gray, perfeccionan neste espectáculo coproducido co Centro Dramático Galego a técnica de manipulación de monicreques inchables que eles mesmos inventaron e na que traballan desde as súas orixes como compañía en 2005. As traxectorias artísticas de ambos –o galego Marcos PTT como actor, *clown* e *showman*, e o madrileño Ezra Moreno como mago e especialista en globoflexia– conflúen e complementanse nesta nova forma de entender o teatro de obxectos a través da que

propoñen “unha aposta pola poética do sinxelo”.

Trátase, non obstante, dunha sinxeleza aparente. A innovación e complexidade desta técnica radica non só nas especiais características do globo como material de traballo, senón fundamentalmente na calidade e precisión case milimétrica dos movementos necesarios para facer real o artificio: “Aquí o boneco non está creado fisicamente como se fose un monicreque de mesa normal, non ten corpo. A parte superior e a inferior non están unidas,

pero parecen un todo pola súa posición no espazo e pola coordinación entre nós”, explica Marcos PTT, quen é o encargado de manipular o globo co que lles dá forma á cabeza e aos brazos dos personaxes, mentres que o seu compañeiro fai o propio no caso das pernas.

Trampa visual

Para conseguir que esta trampa visual funcione e o público sexa cómplice do engano, son precisas moitas horas de inves-



CONTOS MARIÑEIRO

Ghazafellos

Autor: Pepablo Patinho Penya / Dirección: Pepablo Patinho Penya / Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón e Jorge Casas / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

A Bestarruza foi a pique cando faenaba no Ortegá... A filla dun dos mariñeiros non pode durmir á espera do bico do seu pai... Decide saír na súa procura, a bordo do seu barquiño... ou cama... soño... Unha viaxe que a levará por distintos faros da costa galega onde coñecerá estraños personaxes que a guiarán ata a Arriola verde... Unha obra para todos os públicos e recomendada para os máis pequenos, onde os Ghazafellos se achegan á nosa cultura mariñeira fomentando o respecto e interese polo mar.

+ info. en: www.ghazafellos.es



CÓSIMA

Sarabela Teatro

Autor: Chris Baldwin / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago e Elena Seijo / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Unha nena marcha vivir a unha árbore, fuxindo dun pai autoritario e distante. No seu refuxio, a nena continúa comunicándose con súa nai, a pesar da oposición do pai, grazas a unha linguaxe de signos que inventan entre elas; ademais, recibe as visitas dunha amiga que lle leva comida e do seu novo amigo, Papagueno, coidador de paxaros. Ao final a nena convida ao seu pai a subir á árbore, amosándonos a transformación que se produciu nela despois da viaxe iniciática que causa a fuxida.

+info. en: www.sarabellateatro.com



¿CUÁNDO?

Ultramarinos de Lucas

Autoría: Ultramarinos de Lucas / Dirección: Ultramarinos de Lucas / Elenco: Juan Monedero / Xénero: Teatro infantil/Outros

Un neno xoga co seu avó. Preséntanse en escena a árbore, a mazá, algúns compañeiros de viaxe. O avó e o neno comparten as súas vidas, aprenden a preguntar un ao outro, tocan a terra, choven coa auga, son árbores, froito eles tamén. Como se chama aquel paxaro? Por que caen as mazás das árbores? Por que regamos as flores todos os días? Cando chega o principio, cando o fin? Que pasa cando xa non pasa o tempo? E o avó carga a ombros ao neno para entender o mundo. Talvez a auga do porrón conteste a nosa sede, e xogamos o avó e eu a agocharnos, a perdernos de vista, e pasa a vida, esgótase e un día o avó xa non está.

+ info. en: www.ultramarinosdelucas.com



EL ÁRBOL MÁGICO

Hilando Títeres

Autoría: Gonzalo Cardone e Mar Gasco
Dirección: Gonzalo Cardone / Elenco: Gonzalo Cardone e Mar Gasco / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

O mesmo día en que no reino de Altaterra Val naceu o príncipe herdeiro, naceu en Bajaterra a pequena princesa Lena, ambos os dous á mesma hora! Ata ese momento os dous reinos vivían en paz e tranquilidade, case ignorándose os uns aos outros. Pero a fada Picatoste, fada madriña dos novos príncipes, complica todo coa súa xuventude e inexperiencia. Picatoste regálalle ao seu afillado Val unha árbore da que se poden obter froitos sen fin; ao mesmo tempo faille entrega á súa pequena afillada Lena dunha regadeira moi especial...

+ info. en: www.hilandotiteres.com



EL NIÑO COLCHÓN

Uroc Teatro

Autoría: Olga Margallo e Antonio Muñoz de Mesa
Dirección: Olga Margallo / Elenco: Nines Hernández, Víctor Gil, Rosa Clara García, Olga Margallo, Manolo Mata, Iván Villanueva e Francis Bustos
Xénero: Teatro infantil/Outros

Os pais de Juan acaban de darlle unha triste noticia: vanse separar. Juan non o entende e escapa. A partir dese momento, o neno inicia unha viaxe na que vai coñecendo diferentes personaxes que lle axudarán a asimilar a separación dos seus pais. *El niño colchón* é un espectáculo que fala dun dos maiores medos aos que se enfrontan moitos nenos hoxe en día. Un espectáculo emocionante, cun tema de candente actualidade salpicado de momentos de humor e cancións en directo...



EL ROMEO Y LA JULIETA

La Tirita de Teatro

Autoría: La Tirita de Teatro / Dirección: Alberto Alfaro
Elenco: Patricia Charcos, Rodrigo Ramírez, Paco Úbeda
Xénero: Teatro infantil/Outros

Que pasaría se Romeo e Xulieta fosen dous nenos, fillos de inmigrantes? E se en lugar de Montescos e Capuletos a “disputa” fose entre dúas culturas tan diferentes como a nixeriana e a colombiana? Román e Julita viven a súa historia de amor fronte á oposición de seus pais, desexosos de preservar as súas raíces nun país estraño, e a comprensión das súas nais, que saben ver o amor que os une máis alá da cor da pel. *El Romeo y la Julieta* fálanos de emigración, integración e, o máis importante, de que por encima de todo están as persoas, os sentimentos e o respecto cara aos demais.

+ info. en: www.agada.es

tigación e de traballo fronte ao espello. Toda esta preparación previa materializouse por primeira vez sobre o escenario en *Ne Me Quitte Pas*, unha curta que a compañía continúa representando en diferentes espazos e festivais de toda España. Esta pequena peza comezou a perfilarse durante os descansos dos ensaios de *Blazek* –primeiro espectáculo asinado por O Retrete de Dorian Gray–, case como un exercicio de desconexión e relaxación no medio do intenso proceso de xestación do seu debut escénico. “O meu compañeiro Ezra é especialista en manipulación de globos, así que durante as pausas comezamos a xogar con eles, buscando distintas formas e movementos. Non acababa de convencernos o que conseguíamos co boneco enteiro, ata que decidimos partilo pola metade...”, recorda PTT.

**SOBRE O ESCENARIO,
OUTRO ESCENARIO MÁIS
PEQUENO NO QUE TODO
SUCEDE: UNHA
SORPRENDENTE MESA DE
MANIPULACIÓN CHEA
DE BURATOS, RECUNCHOS
E RESORTES CONTROLADOS
DIRECTAMENTE POR
MARCOS E EZRA**



A decisión non puido ser máis acertada e, a partir dese momento, centráronse en explotar as posibilidades dramáticas desta técnica da que, xa nun formato maior, tiran o máximo proveito en *Rúa Aire*. Aquí os espectadores asisten ao nacemento dos diferentes bonecos, aos que os dous actores-manipuladores dan forma con maneiras de cirurxiáns, para mergullarse a continuación nun “pesadelo inflable”

inspirado nas películas clásicas de terror, o cine mudo de Mèlies, as aventuras animadas do Coiote e o Correcamiños e as coreografías de Bob Fosse. Por este mal soño do globo protagonista deambulan unhas malvadas tesoiras, unhas temibles bolsas de plástico e outros perigos incontrolables que o ameazan desde o exterior. É, en definitiva, “o peor que lle pode pasar a un globo nun mundo de globos”.

Sobre o escenario, outro escenario máis pequeno no que todo sucede: unha sorprendente mesa de manipulación chea de buratos, recunchos e resortes controlados directamente por Marcos e Ezra. Ambos asinan tanto a creación como a dirección e interpretación do espectáculo, para o que contaron cun equipo artístico que contribuíu a lograr o ambiente opresivo e misterioso desta *Rúa Aire*: Pablo Rega no deseño do espazo sonoro, Fidel Vázquez do espazo escénico e da iluminación, José Viruta e Rafa Barreiro na realización

da escenografía, Cloti Vaello no vestiario, Belem Brandido na produción e Jordi Farrés na dirección externa.

A coprodución, estreada o pasado mes de marzo na localidade murciana de Molina de Segura, está logrando unha entusiasta acollida por parte do público e da crítica. Despois de visitar a Sala Nasa de Santiago e o Teatro Pradillo de Madrid, neste último cuadrimestre regresará a Galicia con funcións no Festival Galicreques e na Rede Galega de Teatros e Auditorios (Muros, Ribadeo, Ourense e O Barco de Valdeorras), entre outras citas. Mentres, e a golpe de soprido, continúa medrando o universo inchable de O Retrete de Dorian Gray. Por varias razóns, un nome para recordar: “Digamos que dalgún xeito recolle o noso gusto pola elegancia e as historias de misterio”, ironiza Carballido, “ademais da referencia a Wilde e de empregar un tipo de humor no xogo de palabras que tamén ten moito que ver con nós”.



HISTORIA DUNHA SEMENTE

Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Monireques

Dúas persoas buscan algo pero non saben o que están buscando ata que o atopan. Unha semente. Como é posible que algo tan pequeno se converta nunha grande árbore? *Historia dunha semente* é a historia dunha árbore, unha maceira, que enche de vida a pradaria. Galiñas que non poñen ovos, raposos con moita fame, unha mosca namoradeira en busca do moscón perfecto para casar, unha nube e un sol moi peculiares, e moita diversión. Unha fábula que reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela.

+ info. en: www.caramuxoteatro.net



LA VUELTA AL MUNDO EN MENOS DE UNA HORA

Artestudio

Autores: Ramiro Neira e David Seisdedos
Dirección: Ramiro Neira / Elenco: Manu Clavijo, Ignacio Martín, Manuel Fonte, Ramiro Neira, Estefanía Gómez Cascudo e Alba Fernández Coteló
Xénero: Teatro infantil/Musical

Agmed rexenta o posto máis famoso do Zoco de Bagdad. No seu bazar ten de todo: comida, roupa, especias e perfumes que cos seus aromas nos trasladan a terras distantes. Pero Agmed non vende, senón que lles entrega a todos os viaxeiros víveres para as súas rutas a cambio de historias, obxectos e cancións que os camiñantes transportan desde os seus lugares de orixe. Ademais, Agmed non está só, xa que ten ao seu lado tres músicos e dúas bailarinas chegados de distintas partes do mundo que lle axudarán a poñer música, danza e imaxes a cancións infantís dos continentes que conforman o noso planeta.




MENOS LOBOS

Talía Teatro

Autor: Artur Trillo / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Rosi Barcala, Marta Ríos, Xurxo Barcala e Gustavo G. Dieste / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Jennifer, Christopher e Jonathan son tres nenos de sete anos que van á casa da súa amiga Jessica a celebrar o seu aniversario, pero que se atopan coa noticia de que a festa é mañá. *Menos lobos* é un espectáculo áxil onde o ritmo trepidante dos seus diálogos intentará en todo momento captar a atención do público infantil.

+ info. en: www.taliateatro.es



NADARÍN
Títeres Tropiccallo

Autora: Cristina Ferreirós / Dirección: Plamen Dipchikov
Elenco: Marian González e Luis González / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nadarín, un pequeno peixe de papel, consegue escapar da destrución e introducirse no mar, converténdose ao intre nun peixe de verdade. A partir deste momento comeza para el unha aventura emocionante nun mundo novo e descoñecido. Na súa viaxe atoparase con todo tipo de criaturas mariñas: pequenos peixes, centolas, ostras, cabaliños de mar, baleas... Coñecerá entón a amizade e, a través dela, o divertimento, a aventura e o risco. Tamén saberá que é o medo cando, xogando, Nadarín e o seu Amigo provocan a aparición do Peixe Enorme, que coa súa forza destrutiva é capaz de separar e dividir os pequenos peixes para devoralos.
+ info. en: www.tropiccallo.com



O BOSQUE BRILLANTE
7 Lobos Teatro

Autora: Mar Montoro / Dirección: Héctor Carballo
Elenco: Rocío Martínez Campos, Mar Montoro e Juanjo Torres / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
O Bosque Brillante é un bosque como calquera outro: con árbores, flores, animais..., pero alí viven un grupo de seres máxicos. Esta historia conta as aventuras da bolboreta máxica Celin para lograr que de novo o mundo viva con amor. Nesta viaxe ela coñecerá moitos pequenos e grandes personaxes, como a rosa, a margarida, o tigre, o destino, a nai natureza... Un conto máxico cheo de optimismo cara á vida.



O PARRULO FEO
Tres Globos

Autor: Hans Cristian Andersen / Dirección: Beatriz Sánchez / Elenco: Xan Pérez
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Canelo, o can traste que fai de todo un desastre, rompe un dos dous ovos de mamá parrula e cámbiao por outro que atopou e que está a ser perseguido polo monstro do saco sen fondo, gran coleccionista de ovos.
+ info. en: www.tresglobos.es



O PASMÓN PEATÓN
Teatro de Marionetas Trécola

Autor: Bernardino Graña / Dirección: Rafael Vázquez Núñez / Elenco: Isabel García Coldeira, Ero Vázquez Cabrera e Julio Lumberras G. / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Este espectáculo está especificamente dedicado aos máis cativos. A partir do conto de Bernardino Graña, o manipulador de marionetas monta unha historietta animada con monicreques de fíos, música e cancións, que xira arredor dun poema de Celso Emilio Ferreiro: “Son un Pasmón Peatón, ando a pé, e por iso é polo que vexo o mundo tal cal é...” , está protagonizada polo pai, a nai mais a nena Pomba e o seu coche Cacharrón.



OS BARBALLOCAS VAN DE CAMIÑO
Os Barballocas

Autora: Rocío Marín Cobián / Dirección: Rocío Marín Cobián (Mekané Didáctica, S.L.) / Elenco: Mónica Sueiro e Xosé Manuel Esperante / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Como se dun conto dos de sempre se tratase, os nosos amigos Os Barballocas volven para que vivamos xunto a eles outra das súas fantásticas aventuras. Descubriremos a historia e a orixe do Camiño de Santiago na época medieval, na cal viven os nosos heroes Os Barballocas. Pero non todo será tranquilidade e diversión no Camiño, xa que o malvado Maldito volve coa maléfica misión de confundir os primeiros peregrinos e conseguir arruinar a fermosura desta milenaria ruta espiritual.
+ info. en: www.mekanedidactica.com



OS BOLECHAS
Caramuxo Teatro

Autores: Juan Rodríguez e Pepe Carreiro
Dirección: Juan Rodríguez / Elenco: Juan Rodríguez, Victoria Pérez e Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Caramuxo Teatro presenta o gran éxito editorial galego: *Os Bolechas*, unha comedia musical con monicreques. Un espectáculo que amosa un día na vida desta divertida familia, onde coñecemos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Loli, e a Carlos, o máis vello dos irmáns.
+ info. en: www.caramuxoteatro.net



PINGUEIRAS E TARTEIRAS
Teatro del Andamio

Autora: Teresa González Costa / Dirección: Álvaro Guevara / Elenco: María Lodeiro, Anxo Tirado, Santi Romay, Gema Ulloa e Nacho Martín / Xénero: Teatro infantil/Comedia
No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do Pa-raugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo –que outrora fora esplendorosa– daranlle cor a tanta monotonía. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras. Esta obra de Teresa González Costa foi recoñecida co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008.
+ info. en: www.teatrodelandamio.com



POR QUE LLORAS, MARIE?
Marie de Jongh

Autor: Jokín Oregi / Dirección: Jokín Oregi
Elenco: Javier Alkorta e Ana Meabe / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Marie non pode durmir. Marie é mala. Marie é un bebé. Hai que afastala dos outros rapaces. Ten medo. A súa nai explicoulle que un monstro entrarán pola ventá da súa habitación e a levarán con eles.
Marie non pode durmir. Os monstros son malos. Cómense aos bebés que choran.
+ info. en: <http://emedous.com/distribucion>



RATIÑA LINDA
Casa Hamlet

Autor: Bernardino Graña / Dirección: S. Fernández
Elenco: Chus Álvarez e Antonio López Rico
Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo
A ratiña Linda vai coñecer varios pretendentes, entre os que escollerá un da súa especie.
+ info. en: <http://blogdecasahamlet.blogspot.com>



RÚA AIRE
O Retrete de Dorian Gray

Autoría: O Retrete de Dorian Gray / Dirección: O Retrete de Dorian Gray e Jordi Farres / Elenco: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno / Xénero: Teatro infantil/Outros
O Retrete de Dorian Gray en coprodución co Centro Dramático Galego presenta... Unha vetusta máquina de procesado e inflado de globos... / Un xénese nada máis empezar... / Un puñado de globos emperrados en vivir... / Unha ducha accidentada... / Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas... / O vento que chama á porta... / Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico... / Un bombín con patas... / Un final que coincide coa conclusión da obra... / E iso. / (polo medio, algunha cousa máis,...)



TÍO MISERIA
Fantoches Baj

Autor: Anónimo / Dirección: Ignacio Vilariño Sanmartín
Elenco: Ignacio Vilariño Sanmartín
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Tío Miseria é un espectáculo de monicreques de luva e variña, onde os personaxes son utensilios de cocíña de uso cotián. A historia, creada a partir dos contos populares *O ferreiro e o demo* e *O peral da Tía Miseria*, conta en clave humorística o porqué da existencia da miseria no mundo.



UN GRAN FESTIVAL
Páprika Teatro

Autor: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Pablo Nojes / Xénero: Teatro infantil/Musical
É un día moi especial. Pedro foi invitado a un gran festival de música. Para poder resolver que repertorio levará, contará coa axuda dos seus amigos os monicreques, con quen interpretará diferentes temas. Trátase dun percorrido lúdico-participativo-musical, no que o público toma contacto con diferentes parámetros acústicos, estilos musicais, dinámicas de execución e outros elementos que converten a música nun medio de expresión.
+ info. en: www.pablonojes.com

O espectáculo da vida

Cristina Mouriño

“Todos nós, somos teatro”. Con esta afirmación Augusto Boal, dramaturgo encargado de escribir a mensaxe oficial para conmemorar o Día Mundial do Teatro 2009, apuntaba cara a dimensión teatral da nosa vida. “As relacións humanas estrutúranse de forma teatral: o uso do espazo, a linguaxe do corpo, a elección das palabras e a modulación das voces, a confrontación de ideas e paixóns, todo o que facemos no escenario facémolo sempre nas nosas vidas”, escribía Boal. E non só no teatro entendido como evasión, senón tamén como reflexión, porque o escenario é ese prisma que nos permite tomar distancia cos feitos que acontecen na sociedade. Para mostra, un botón. Neste cuadrimestre os distintos espazos da Rede Galega de Teatro e Auditorios e da Rede Galega de Salas ofrecerán espectáculos con todo tipo de temáticas: desde os malos tratos (*A piragua* de Cándido Pazó), a eutanasia (*Dáme veneno* de Sarabela Teatro), os encontros coa morte (*Bailadela da morte ditosa* de Teatro de Ningures) ou a historia de catro tabeiróns dos negocios na procura do éxito nesta era consumista (os *Brokers* de Illana Teatro), moi axeitado nesta etapa de recesión económica que nos está tocando vivir. De feito, nesta época de crise non virá nada mal un pouco de humor. Non é de estrañar que case a metade dos chamados espectáculos de teatro de adultos programados neste semestre (exactamente o 43,9% das actividades programadas, para os amantes das cifras) sexan comedias.

Tamén haberá oco para o teatro contemporáneo e para a experimentación, para xogar co campo non sempre ben comprendido dos límites teatrais entre os que se sitúa *Obra* (a primeira da triloxía coa que se presenta Pt Excéntricas) ou 69 (a última achega de Arela das Artes). Autores coñecidos como Allan Poe (nesa medio-adaptación que fixo Xesús Pisón para Casa Hamlet), Benedetti

(a versión teatral de *Pedro e o Capitán*, tamén levada ao cinema polo mesmo autor, Pablo Iglesias) ou o sempre recordado Roberto Vidal Bolaño (*Anxeliños* de Espello Cóncavo ou a xa citada *Bailadela de morte ditosa*). Para todos os gustos. Pero para os que necesiten algo máis de estímulo sinestésico, sempre nos queda a fórmula do musical. Teatro do Noroeste repite no xénero cun espectáculo de gran formato (*Glass City*) que recupera a ritmo de música o ambiente daquelas vacacións de verán que o ditador Francisco Franco pasaba na Coruña.

Se ollamos para a oferta dos cativos, a proposta é tamén atractiva. Sempre co trasfondo educativo, a proposta infantil é abundosa (de todos cantos xéneros se programan dentro das redes, os espectáculos para pícaros son os máis numerosos) e pretende espertar a curiosidade dos pequenos por universos próximos e afastados, con gran plasticidade e dun xeito moi sinestésico. Destacar *Babiliglub* (Galitoon), unha atractiva viaxe polo fondo do mar descrita con tan só catro palabras (guau!, glub, non e si); ou a adaptación para os escenarios da coñecida serie literaria de Pepe Carreiro, *Os Bolechas* (por Caramuxo Teatro), tan popular entre o público infantil.

Sexamos conscientes de que o teatro (tanto para adultos como para os pícaros) segue a ser o irmán grande da oferta cultural. Pero que iso non nos impida darlle unha oportunidade á danza. A ducia de propostas que se moverán pola rede é eminentemente contemporánea, máis arriscadas e innovadoras, pero tamén máis crípticas. Niso, e como en todo, necesitamos tempo e hábito para afacer a rutina lonxe de convencionalismos e tópicos das artes do movemento. Pero non por iso debemos deixar de ver os replicantes (claramente embebidos polos *Blade Run-*

“*Nas grandes épocas de depresión, cando a cultura-espectáculo pasa por horas baixas, é cando se sacude a intelixencia, a emoción e a sensibilidade para concorrer á verdadeira, á auténtica cultura*

ner de Ridley Scott) de Branca Novoneyra en *Nexus6*; a viaxe por riba de arco da vella de David Loira (*Over the Rainbow*); ou a historia de catro mulleres, catro *Princesas esquecidas ou descoñecidas*, que nos propón Ao Suroeste Teatro. Para os que gustan do baile tradicional, teñen unha intensa e vivida reinvencción do noso corpus propio en *Ovay*, o primeiro espectáculo da compañía de Quique Peón. O baile forma parte da nosa vida como calquera outra forma de expresión, porén, os espectáculos deste xénero seguen a ser os menos demandados. Quizais, o coreógrafo británico Akram Khan tiña razón na mensaxe que lanzou este ano para conmemorar o Día Mundial da Danza ao dicir que “o futuro da danza radica nas persoas que non bailan”, tanto nas persoas que non aprenderon a bailar, como nas que non poden facelo por ter algunha discapacidade (física ou mental).

En todo caso, non nos esquecemos do contexto histórico que nos toca vivir. Acontece sempre que en época de crise a cultura desprázase na nosa orde de prioridades. Procuremos non rachar cos bos hábitos adquiridos, eses que constataban un incremento paseniño de público nos patios de butacas. Non obviemos, ademais, que nas grandes épocas de depresión, cando a cultura-espectáculo pasa por horas baixas, é cando se sacude a intelixencia, a emoción e a sensibilidade para concorrer á verdadeira, á auténtica cultura, a que excede en moito á acumulación de coñecementos técnicos ou empresariais e que fai fibrilar os nosos sentidos. É posible que esteamos nese momento, así que acudamos aos teatros a deixarnos retratar polos actores para tomar conciencia da nosa propia sociedade. E volto a Augusto Boal para lembrar que “actores somos todos nós, o cidadán non é aquel que vive en sociedade: ¡é aquel que a transforma!”.


AS ARTES ESCÉNICAS FANSE GRANDES EN NARÓN

Habitantes: 37.000

Espazo escénico: Pazo da Cultura

Rúa Holanda, s/n. 15570 Narón

Aforo: 900



QUE A UNHA CIDADE DE 37.000 HABITANTES LLE QUEDE PEQUENO UN AUDITORIO PARA 384 ESPECTADORES É UNHA BOA NOTICIA. QUE ESA CIDADE DECIDA CONSTRUIR UN ESPAZO CUNHA CAPACIDADE PARA 900 PERSOAS E ATOPE A RESPOSTA DO PÚBLICO É AÍNDA MELLOR. NARÓN AMOSA SATISFEITO O SEU PAZO DA CULTURA, UN ESCENARIO PENSADO PARA ESPECTÁCULOS DE MEDIANO E GRAN FORMATO, QUE PODE ADAPTARSE A CALQUERA PROPOSTA: TEATRO, ÓPERA, ZARZUELA, INCLUSO CIRCO.



A cidade de Narón estreou o 13 de decembro de 2008 o Pazo da Cultura, logo de tres anos de obras e un investimento de 12,5 millóns de euros sufragados polo Concello. Agora Ferrolterra pode presumir de ter unha das infraestruturas culturais máis importantes de Galicia e do noroeste peninsular para responder á demanda cultural da cidade e da comarca.

As artes escénicas en xeral e o teatro en particular están moi arraigados en Narón. A cidade conta desde 1986 con escola de teatro, e hai xa tempo que o Auditorio Municipal lle quedaba algo pequeno, xa que os 320 abonados cos que contaba case completaban as butacas do recinto. O novo Pazo da Cultura veu solucionar este problema coas súas grandes dimensións, cunha platea de 700 butacas e 200 asentos máis nos anfiteatros.

As dimensións do lugar abraian, máis aínda ao subir ao escenario. A escena mide 16 metros de ancho por outros 16 de fondo, cunha altura de 9 metros na embocadura. Detrás sitúase unha chácena de 215 m². Conta cun foxo de orquestra con capacidade para 45 músicos, e os camerinos poden acoller 80 persoas. A tremoia ten 51 varas autónomas,

“ESTE É UN ESPAZO CULTURAL CON VOCACIÓN COMARCAL. A NOSA OFERTA NON SE DIRIXE SÓ A UN CONCELLO, SENÓN A UNHA ÁREA NA QUE VIVEN UNHAS 150.000 PERSOAS”

nove delas motorizadas e 42 contrapesadas, unha cada 25 centímetros. A dotación técnica complétase con modernos equipos de iluminación e son que se manexan desde unha das tres cabinas de control do auditorio.

Máis aló das cifras, a principal virtude deste espazo explícaa Ángel Sánchez, un dos catro técnicos do pazo: “As características técnicas do auditorio permítenche moitas posibilidades. O tamaño da escena, a cantidade de varas da tremoia e os equipos cos que contamos ofrécennos recursos para adaptarnos a todo tipo de espectáculos”.

A versatilidade é tamén o que máis destaca Luciano Fernández, director técnico do Padroado da Cultura de Narón. “O novo auditorio está pensado para espectáculos de mediano e gran formato e pode adaptarse a calquera proposta: teatro, ópera, zarzuela, incluso circo”. Proba da capacidade de adaptación é que en outubro a compañía de danza Pisando Ovos ofrecerá un espectáculo no que os artistas e as gradas para o público se situarán dentro do escenario.

Para completar as posibilidades do Pazo da Cultura, en outono abrírase nunha sala do re-

cinto un café-teatro. “Será un espazo pensado para espectáculos pequenos, como cabaré e maxia”. E aínda está en funcionamento o anterior auditorio, que acolle a programación infantil e xuvenil, e desde este verán ten a Teatro do Morcego como compañía residente.

O salto emprendido por Narón en decembro pasado traducíuse xa na apertura de novas vías na programación. Á danza, teatro e música sumáronse polo de agora a zarzuela e a ópera, coa representación do *Rigoletto* de Verdi. O Pazo da Cultura está nas redes galega e española de teatros e auditorios, e vaise integrar en circuítos específicos: “Temos un acordo con teatros da cornixa cantábrica para entrar a formar parte dun importante circuítio de ópera, e queremos integrar o pazo nun circuítio europeo de grandes orquestras”, explica Luciano Fernández.

A ampliación da programación redundou ademais nun aumento do público. “Este é un espazo cultural con vocación comarcal. A nosa oferta non se dirixe só a un concello, senón a unha área na que viven unhas 150.000 persoas”, sinala Fernández. O número de abonados pasou de 320 aos 500 actuais. “O 60% dos abonados que temos son de Narón e o



Vista da estrutura escénica e dos palcos

40% restante doutras localidades da comarca. Agora incluso comeza a abonarse xente de máis lonxe, como A Coruña”.

Un espazo para a formación

A importancia do Pazo da Cultura non reside só no seu auditorio. As súas dependencias acollen unha vintena de aulas nas que asisten a diferentes clases e obradoiros boa parte dos 1.600 alumnos e alumnas das escolas artísticas municipais. Son escolas de danza tradicional, gaita, percusión tradicional, pandeireta, cantadeiras, zanfona, baile de salón, debuxo, construción de instrumentos de percusión tradicionais e, como non, teatro.

Narón conta desde hai máis de vinte anos cunha Escola de Teatro, á que asisten na actualidade 250 alumnos. En 2002 botou a andar unha extensión ambiciosa dese proxecto: a Escola de Formación de Actores e Actrices. “Ofrece unha formación regrada, cun ano de acceso con tres horas semanais de clase, e catro anos de formación con nove horas de clase á semana impartidas por un cadro de persoal de nove profesores”, expón Luciano.

A Escola de Formación ten polo momento a súa sede no Auditorio Municipal, pero en dous ou tres anos pasará ao Pazo da Cultura. Está pensada para quen busca na interpretación unha saída profesional. Polas aulas de Narón pasaron nomes que xa se fixeron cun oco no teatro e no audiovisual galegos: José Luís Prieto, Iolanda Muíños, Xabier Deive, Carlos Mosquera “Mos”, Xosé Bonome, Montse Piñón...

Hoxe en día, outros 60 mozos e mozas tratan de seguir os seus pasos. Antes de rematar a súa aprendizaxe na escola pasarán polo grupo TEN (Teatro Escola Narón), no que cada ano alumnos e alumnas do penúltimo curso estrean unha peza que logo percorre os circuitos de teatro amateur. Son sempre obras novas que lles encarga o Padroado de Cultura a dramaturgos como Rubén Ruibal, que este ano escribiu para a escola *Onde andas, Karl?* Segue o camiño doutros autores como Margarita Sánchez, Cándido Pazó ou Roberto Vidal Bolaño, que fixo para TEN o seu derradeiro traballo.


A aposta de Narón pola formación en artes escénicas é firme. A experiencia acumulada no eido teatral durante estes anos vaise aplicar

EN OUTONO
PORASE EN MARCHA
UNHA ESCOLA DE DANZA
CONTEMPORÁNEA,
CUNHA ESTRUCTURA
E FUNCIONAMENTO
PARELLOS AOS
DA ESCOLA DE
FORMACIÓN DE
ACTORES E ACTRICES

agora ao ámbito da danza contemporánea. En outono porase en marcha unha escola desta disciplina, cunha estrutura e funcionamento parellos aos da escola de actores e actrices. Cristina Montero será a directora e Rut Balvís unha das profesoras dun primeiro ano no que abrirán o curso de acceso e o de primeiro nivel.

“No que estamos traballando agora é en homologar a Escola de Formación de Actores e Actrices como ensino de grao medio”, sinala Luciano Fernández. É un obxectivo ambicioso, pero os vimbios da proposta están ben trenzados: “Galicia necesita un grao medio de artes escénicas, e a nosa escola pode cumprir ese papel. Polo seu funcionamento e os seus contidos está preparada para a homologación”.

Á memoria de
Manuela Pérez Sequeiros



Composición panorámica tomada dende o patío de butacas do Pazo da Cultura



UNHA MERENDA DE ALICIAS

Sapristi

Autor: José Campanari (a partir de textos de Lewis Carroll) / Dirección: José Campanari / Elenco: Patricia Vázquez e Nuria Sanz / Xénero: Teatro infantil/Outros

As actrices, os bonecos e os obxectos propios dunha mesa posta para a merenda interaccionan entre eles, dando lugar a situacións e personaxes da obra *Alicia no país das marabillas*. Flores que falan dos seus medos, Humty Dumpty e os seus regalos de in-aniversario, o coello branco que sempre está apurado porque chega tarde, a mesma Raíña de Corazóns disposta a cortarlle a cabeza a quen a contradiga. Unha merenda de Alicias que ten algo do xogo infantil das visitas e moito da merenda de tolos.



VAIA TORMENTA!

Sapristi

Autoría: José Campanari e Nuria Sanz / Dirección: Ana Vallés, José Campanari e Nuria Sanz / Elenco: José Campanari e Nuria Sanz / Xénero: Teatro infantil/Comedia

O espectáculo inspirado en *A tempestade*, de William Shakespeare.

Próspero: “Somos da mesma substancia que os sonhos”.

O poder, o amor, a vinganza, a liberdade, a reconciliación, o perdón, a manipulación, a utopía... desde o punto de vista de dous excéntricos que toman a vida un pouco á lixeira e navegan sen flotadores no medio da tempestade... Como dixo Leonardo da Vinci, “se é posible, hai que facer rir ata os mortos”.



VIOLETA COLETAS CONTRA AS SALCHICHAS GULP

Títeres Trompicallo

Autores: Luís González e Marian González Dirección: Marian González Elenco: Sabela Amado Rojo e Luís González Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele. / A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústanlle as salchichas. / A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel. / A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller. / A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer. / A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

+ info. en: www.trompicallo.com

EN BREVE

A FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS AMOSARÁ 20 ESPECTÁCULOS GALEGOS DO 19 AO 23 DE OUTUBRO

A capital de Galicia acolle un ano máis, desta volta entre o 19 e o 23 de outubro, unha nova edición da Feira Galega das Artes Escénicas. Vinte compañías galegas de teatro e danza amosarán os seus últimos espectáculos en cinco espazos escénicos de Compostela ante público xeral e, e sobre todo, programadores e distribuidores culturais acreditados procedentes de toda a Península.

A feira de 2009 instalará por segundo ano consecutivo o seu centro neuráxico no Auditorio de Galicia, onde se abrirá a zona de mercado e se desenvolverán as

mesas de debate. Canto ás bonificacións á contratación externa, este ano unifícanse as porcentaxes de desconto aplicables ás operacións pechadas nun 40 por cento.

O AUTOR SANTIAGO CORTEGOSO, PREMIO RAFEL DIESTE DE TEATRO

Santiago Cortegoso, coa súa obra *0,7 Molotov*, obtivo o Premio Rafael Dieste de Teatro na súa edición de 2009. O tribunal deste galardón, que outorga cada ano a Deputación Provincial da Coruña, estivo composto por Manuel Areoso, Elina Luaces, Alejandro Piñeiro, José Enrique Ribadulla e Teresa Moure. O premio abrangue unha dotación en metálico de 6.500 euros e a posta en escena da peza.

Santiago Cortegoso (Moaña, 1974) posúe unha longa traxectoria como actor de teatro e audiovisual. Participou nas tres edicións do curso *Pistas para unha dramaturxia de actualidade*, do CDG. Na dramateca da páxina web asociada a este curso, dramaturxiasdaactualidade.org, atópanse os textos íntegros de varias obras da súa autoría, como *Casa O'Rei*. *Traxicomedia gastronómica* (2008), *Visión nocturna* (2007) e *Hamster* (2005).

A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA DÁLLE O ABRENTE AO CDG

A XXV edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se celebrou o pasado mes de xullo nesa vila ourensá, distinguiu co Premio de Honra Abrente 2009 o Centro Dramático Galego. O xurado que outorgou o premio valorou a traxectoria

ELES E ELAS CÓNTANNOLO DENDÉ O PARAISO



NOME: Pepa Rey Castiñeira
IDADE: 54

OCUPACIÓN: Profesora de arqueoloxía

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me serve para cambiar o esquema do día. Saio do traballo e podo meter outras cousas na cabeza.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *O día do pai*, de Malasombra.



NOME: Lucila Peinado Cantero
IDADE: 33

OCUPACIÓN: Secretaria

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gusta máis que o cine; ao ser en directo e ter diante os actores é máis emocionante.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *A piragua*, do Centro Dramático Galego.



NOME: Fabián Ben Conde
IDADE: 23

OCUPACIÓN: Estudante e xestor

POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gustan as artes en xeral e co teatro desconecto un montón.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Urtain*, de Animalario.

de 25 anos a prol do teatro realizado pola compañía pública.

Na acta feita pública para a comunicación do premio sinalouse textualmente o “importante papel” da compañía institucional “na configuración do teatro galego contemporáneo, pola súa defensa da creación dramática en lingua galega, pola contribución á progresiva normalización cultural e pola súa dedicación, como institución pública, á posta en valor de novos axentes creadores e profesionais”.

A PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO CONGREGOU MÁIS DE 17.000 ESPECTADORES

A programación escénica e musical desenvolvida no Salón Teatro durante a pasada temporada 2008-2009 congregou un total de 17.093 espectadores que acudiron a algunha das 130 funcións ou concertos desenvolvidos por 43 formacións artísticas nese espazo de Santiago de Compostela que xestiona o Centro Dramático Galego.

Das cifras anteriores dedúcese tamén que a media de público por función se situou nos 131 espectadores, mentres que a facturación rexistrada na súa billeteira ascende a case 57.000 euros.

Os novos datos supoñen un incremento na actividade respecto ao período anterior 2007-2008 de 41 funcións e 5.668 espectadores.

A ASOCIACIÓN ESCENA GALEGA OBTÉN O PREMIO XIRIA AO LABOR TEATRAL 2009

A Asociación Profesional Escena Galega, que agrupa máis de 30 compañías de teatro e danza galegas, obtivo o Premio Xiria ao Labor Teatral 2009 que outorga a Mostra de Teatro de Cangas. Ernesto Chao, actual presidente deste colectivo, recibiu o galardón de mans da actriz María Armento e brindóullelo a todas as compañías que reúnen esforzos dentro deste colectivo.

O xurado da XXVI Mostra de Teatro de Cangas destacou, para a concesión do premio, o papel que a asociación desempeñou recentemente defendendo os intereses non só das compañías, senón tamén das mostras de teatro e salas alternativas.

A ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA ESTREA EDIFICIO EN VIGO

A Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) iniciará o curso académico 2009-2010 no novo edificio situado no barrio vigués de Navia. Deste xeito, os preto de 300 estudantes matriculados no centro abandonarán o instituto de Bouzas, onde recibían clases ata agora, para trasladarse a unhas máis amplas e axeitadas instalacións.

O novo edificio, do que se abre unha primeira fase, contén un auditorio, así como diferentes aulas onde se impartirán as tres especialidades que ofrece a escola que dirixe Manuel F. Vieites: Interpretación Textual, Dirección de Escena, Dramaturxia e Escenografía.

APLÍCASE XA O PRIMEIRO CONVENIO GALEGO DE ACTORES E ACTRICES DE TEATRO

O sector escénico galego dotouse do seu I Convenio de Actores e Actrices de Teatro, que por primeira vez entra a regular as condicións laborais da profesión. O texto foi asinado polos representantes dos sindicatos CC.OO., CIG, UXT, da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, da asociación Escena Galega e da Axencia Galega das Industrias Culturais.

Este convenio naceu coa vocación de ser considerado como unha referencia no plano das artes escénicas e de contribuír decisivamente á promoción e consolidación da profesión teatral, que, ata o momento, non contaba cunha regularización laboral propia que tivese en conta as especiais características que afectan ao desenvolvemento do traballo actoral.

BRANCA NOVONEYRA PARTICIPOU NA SECCIÓN “OFF” DO FESTIVAL DE AVIGNON

A compañía de danza Branca Novoneyra levou o pasado xullo o seu último espectáculo, *Nexus 6*, á sección Off do prestixioso festival de Avignon (Francia), un dos máis importantes do circuíto europeo de encontros escénicos de verán.

A obra, que se escenificou os días 24, 25 e 26 do citado mes na sala Entrepot, é unha creación colectiva a partir de textos da bailarina e coreógrafa compostelá, que combina cabaré e música en directo para propoñer unha reflexión sobre a liberdade e á vez a opresión da sociedade contemporánea.

O CDG E O CCG DESENVOLVEN 14 RESIDENCIAS ARTÍSTICAS ATA DECEMBRO

O Centro Coreográfico Galego (CCG) e mais o Centro Dramático Galego (CDG) desenvolven este ano un total de 14 proxectos artísticos e de investigación escénica mediante o programa da AGADIC Artistas en Residencia 2009. As propostas seleccionadas entre o total de 167 que optaron como candidatas estanse a materializar desde o mes de abril e seguirán a mostrarse ata decembro.

Os creadores que se beneficiarán desta iniciativa son Guillem Mont de Palol, coa obra titulada *Yo fui un hombre lobo adolescente inventando horrores*, La Canalla C.B. con *PlayGround_textiln progress*, Rut Balbís con *Tres*, Gena Romero Baamonde, Eva Freixeira e Vanesa Sotelo con *Corpo-Puta-Vaca-Berro*, Carolina Fernández con *Arquitecturas interiores*, David Loira con *Macho*, Mercé de Rande con *Mar, fento e cemento*, Georgina Domingo e Julien Vittecoq con *AïE*, Estefanía García e Pablo Fidalgo con *A democracia*, Víctor Zambrana con *3*, Laura Lizcano Sánchez con *Assemblage*, Michel Groisman con *Jogos corporais*, Xavier Mariño Álvarez con *Identidades* e Borja Fernández Rodríguez con *Rewind*.



NOME: Anxo Regueiro López

IDADE: 50

OCUPACIÓN: Funcionario

POR QUE VAS AO TEATRO?:

Porque me gusta participar das actividades culturais da miña cidade, e o teatro é unha das máis enriquecedoras.

CAL FOI O ÚLTIMO

ESPECTÁCULO QUE VICHES?:
O retrato de Dorian Gray, de Arte Livre.



NOME: Xabier García Mera

IDADE: 32

OCUPACIÓN: Músico

POR QUE VAS AO TEATRO?:

Porque me dedico ao teatro e, se me dedico a el, é porque me encanta. É unha cuestión á vez profesional e persoal.

CAL FOI O ÚLTIMO

ESPECTÁCULO QUE VICHES?:
Rúa Aire, de O Retrete de Dorian Gray.



NOME: Iria Rey Viqueira

IDADE: 23

OCUPACIÓN: Profesora de ballet

POR QUE VAS AO TEATRO?: Non son asidua, pero entreténme.

CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?:

Unha función escolar no Colexio La Salle.



NOME: Andrea Mella Pena

IDADE: 23

OCUPACIÓN: Estudante

POR QUE VAS AO TEATRO?:

Porque me encantan as obras de teatro, incluso a súa lectura, e gustárame tamén interpretar.

CAL FOI O ÚLTIMO

ESPECTÁCULO QUE VICHES?:
O rei nu, de Enlata Teatro.



NOME: Prudencio Viveiro Mogo

IDADE: 35

OCUPACIÓN: Administrativo

POR QUE VAS AO TEATRO?:

É unha das actividades culturais que máis me gusta pola proximidade co que se está interpretando; ten un aquel que non ten o cine.

CAL FOI O ÚLTIMO

ESPECTÁCULO QUE VICHES?:
Aeroplanos, de Lagarta Lagarta.



ZAPATOS
Caramuxo Teatro

Autor: Juan Rodríguez / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Outros

Que pasa con todos eses zapatos que xa ninguén usa? Todos os días chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias, as vivencias que traen consigo unha morea de zapatos de todos os tamaños e cores. Unha rapaza nova é a encargada de coidalos, de darlles a benvida ao lugar onde vivirán para sempre, un lugar onde poder compartir emocións con esa bela bailarina, con Pequecho e os seus irmáns, cos namorados, co Sol e a Nube, con centos de compañeiros que teñen moito que contarnos. “Zapatos” narra todas esas historias que levan dentro os zapatos que xa non teñen dono.

+info. en: www.caramuxo.net



ESTRELAS DA MAXIA
Mago Romarís

Autor: Antonio Romarís Lens / Dirección: Antonio Romarís Lens / Elenco: Antonio Romarís Lens
Xénero: Maxia

Estrelas da Maxia é unha obra máxico-teatral, cunha escenografía inspirada nos teatros de maxia do século XIX. O guión vainos situando nos tempos dourados da maxia, onde a escenografía era o elemento máis importante para crear atmosfera máxica. O Mago Romarís vai facendo os distintos efectos de maxia tal como os farían as antigas estrelas da maxia.

+ info. en: www.magoromaris.com



FEITIZO
Martín Camiña

Autor: Martín Camiña Serén / Elenco: Martín Camiña
Xénero: Maxia

Feitizo é o conxunto de prácticas destinadas a conseguir un efecto máxico ou extraordinario. Quen non soñou con dominar elementos intanxibles como o fume, ou adiantarse ao pensamento de alguén, ou trocar de cor as cousas? Como se dunha fonte máxica se tratase, das mans saíran continuamente as cartas; as ataduras diarias dos nosos problemas, que nos oprimen, reflectíranse no escape da camisa de forza; e a folla dunha guillotina descenderá irremediamente para separar o real da ilusión. Estes serán só algúns dos ingredientes deste feitizo, no que todos os momentos estarán recubertos pola música ou a palabra, que trasladarán o espectador a un mundo máxico: o da emoción.

+info.: www.martinilusionista.com



SOMORGUJO
Kiko Pastur (ilusionista)

Autor: Kiko Pastur / Dirección: Kiko Pastur
Elenco: Kiko Pastur / Xénero: Maxia

Kiko Pastur presenta unha obra inclasificable, unha estraña sesión de maxia de cerca para ver de lonxe. *Somorgujo* envólvese de ficción máxica e surrealismo. Cámaras de alta definición e proxecións, unha baralla de cartas, obxectos voadores e un guión máis propio de Lewis Carroll, Borges, Poe, Haruki Murakami, Cortázar e outros máis absurdos. Poesía para os ollos, espectacularidade, comicidade e misterio. *Somorgujo* pódese ler de seis formas distintas antes do almorzo.

+ info. en: www.kikopastur.com



MAGO VITUCO & JESSICA
Mago Vituco

Autor: Mago Vituco / Elenco: Mago Vituco, Jessica Guloomal e Sandra Iglesias / Xénero: Maxia

Por primeira vez dentro do espectáculo, unha muller ten o seu número de maxia onde ela é a maga e protagonista. Unha viaxe polo mundo dos grandes apartados: mulleres cortadas, aparicións, efectos especiais, luz e son de primeira xeración ofrecendo un *show* “made in Las Vegas”. A primeira gran produción de maxia en Galicia creada especificamente para teatros e auditorios.

+ info. en: www.magovituco.com



AS CATRO ESTACIÓNS DE VIVALDI
Ensemble Vigo 430

Dirección: Alejandro Garrido
Xénero: Música de cámara

Un programa que non necesita presentación: as moi coñecidas *Catro estacións* de Vivaldi nunha vivaz interpretación do Ensemble Vigo 430. O programa xira arredor da música barroca, xa que a obra do galego Andrés Gaos é unha hábil recreación da música desta época, envolta nunha aura de romántica nostalxia.

+ info. en: www.vigo430.com



CONCERTO LÍRICO
Clara Panas

Dirección: Clara Planas / Xénero: Música de cámara

Concerto lírico para soprano e piano, con obras de ópera e música galega de Marcial del Adalid.



CUARTETO DE CHELOS
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela

Dirección: Carlos García Amigo
Xénero: Música de cámara

Chelicia nace da inquietude de catro violonchelistas residentes en Galicia, aínda que de diversas procedencias, tanto musicais como culturais: un galego, unha inglesa, unha valenciana e un alemán, que atopan no compañeirismo intrínseco ao seu labor diario na Real Filharmonía de Galicia a maior das motivacións para querer facer música xuntos máis aló da cotiá actividade orquestral. Co ánimo de explorar o repertorio consagrado aos grupos de violonchelos, que de seu constitúen pequenas orquestras de cámara, Chelicia aspira a ser un instrumento de achegamento destes repertorios ao público.



CUARTETOS DE CORDA DE MOZART
Mondello Quartet

Dirección: Benjamin Smith / Xénero: Música de cámara

Baixo a formación de cuarteto de corda clásico (dous violíns, viola e violonchelo), Mondello Quartet agrupa profesores instrumentistas de diferentes formacións orquestrais galegas. O grupo céntrase no repertorio do Clasicismo, máis concretamente nos cuartetos de corda de Mozart, Haydn e Arriaga. Fundado no ano 2002, ofreceu actuacións por toda Galicia, intervindo en diferentes ciclos: Marín, Ourense, Verín, Cambre, Ferrol...



JULIA CEA E GRUPO
Julia Cea e Grupo

Xénero: Música de cámara

Un concerto que percorre desde a música galega máis vella, aquela que naceu xunto ao Camiño de Santiago coas cantigas medievais, ata os poetas do Rexurdimento galego. Os instrumentos tradicionais como a zanfona, o pandeiro, a frauta e o laúde acompañan as voces cálidas de Julia Cea e Teresa Cabanelas. Como remate, o piano e a guitarra envolven os versos dos poetas galegos.

+ info. en: www.juliacea.com



MUNDO DE RISA
A Banda da Alcaiata con Iván e Josito

Xénero: Música de cámara


Formada no ano 2008, A Banda da Alcaiata acostuma acompañar e colaborar con diversos artistas do panorama musical galego coa súa formación de dúas guitarras clásicas, percusión, clarinete e clarinete baixo e repertorio de autores galegos do século XX, facendo unha fusión de diversos estilos contemporáneos. Iván & Josito, cantautores lugueses, achegan a súa visión peculiar e particular deste mundo cunha combinación de humor e crítica social que non deixara a ninguén indiferente.



MÚSICA PARA A NOSTALXIA
Nova Poesía

Xénero: Música de cámara

O cubano Francisco Rosas á guitarra e a galega Xulia Dopico á bandurra presentan unha selección de célebres melodías, coñecidas por todos: boleros latinos, españois, mexicanos, vales e ritmos tropicais, sen esquecer os temas máis representativos da nosa lírica galega. As cancións do noso recordo adaptadas para os instrumentos, e vivas na memoria do público.

culturavai 
www.culturavai.info

PROGRAMACIÓN

setembro-décembro 2009

Teatro de actor
Teatro de monicreques
Danza
Música de cámara
Maxia



rede galega
de salas


ARTERIA NOROESTE. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO

30 formacións artísticas
35 espectáculos
105 funcións



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

63 formacións artísticas
71 espectáculos
314 funcións

ARTEIXO
BETANZOS
CARBALLO
CEE
A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CAIXA GALICIA
CULLEREDO
OLEIROS
CEDEIRA
FERROL
NARÓN
ORTIGUEIRA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
AMES
A ESTRADA
LALÍN
MUROS
NOIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BURELA
FOZ
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
RIBADEO
O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
RIBADAVIA
CAMBADOS
PONTEVEDRA
SANXENXO
CANGAS
GONDOMAR
REDONDELA
TUI
VIGO. CAIXANOVA
VILAGARCÍA DE AROUSA